

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 28 DE MAIO DE 2010.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dezanove horas do día vinteito de maio do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo, Dna. M<sup>a</sup>. Angeles Diaz Prados, Dna. Gloria Fornos Bastida, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, Dna. Maria África Pérez Filgueiras, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña Gómez Díaz, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 30.04.10.**

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta que deseguido se relaciona:

- Sesión ordinaria realizada o día 30.04.2010.

### **DECLARACIÓN DE URXENCIA:**

**Sr. Alcalde:** Ben, antes de entrar no tema que está contemplado na orde do día, hai unhas mocións que se presentaron fora da orde do día, unha é do BNG, e outra é, creo que se refundeu a día de hoxe entre Izquierda Unida e o PP. Polo tanto é preceptivo votar a urxencia dos mesmos. A maiores hai un escrito dos veciños e veciñas da urbanización do Pazo das Condesas, que como sabedes, por lei, ningún veciño pode presentar mocións ao Pleno, pero neste caso, o Alcalde asume o escrito como propio, e o vai a presentar eiquí ao Pleno no día de hoxe, e tamén, como non podía ser doutra forma, si os demais grupos tamén se adhíren a este escrito pois, poden, o poden manifestar, ¿non?.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Si bueno, boas tardes. E... nós mantemos a moción, a que rexistramos o 22 de maio, sobre o plan de axuste, e no transcurso do debate da moción, explicaremos o acordo ao que chegamos co PP hoxe pola mañá, e que polo tanto as dúas se convertan nunha. Pero se votaría a urxencia da moción presentada o 22 de maio. En canto á moción que presentan os veciños de Mahía, nós a asumimos tamén como propia e polo tanto votamos a favor de que se debata.

**Sr. Alcalde:** Ben como é preceptivo, votamos a urxencia dos temas.

De seguido, ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, e tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia, o Concello Pleno, acorda:

1º.- Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, declarar de urxencia o asunto **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-IU, CONTRA O PLAN DE AXUSTE DO GOBERNO”**, incluílo na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 7.

2º.- Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, declarar de urxencia o asunto **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO”**, incluílo na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 8.

3.- Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, declarar de urxencia o asunto **“MOCIÓN RELATIVA Á “URBANIZACIÓN PAZO DAS CONDESAS”, ASUMIDA COMO PROPIA POLO SR. ALCALDE E OS GRUPOS POLÍTICOS”**, incluílo na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 9.

## **2.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA A EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS E O CONCELLO DE MUGARDOS.**

**Sr. Alcalde:** Ben, este é un tema que como todos sabedes, Portos de Galicia autoriza a facer as obras para o tema da EDAR, en solo público, ou sexa, en solo de dominio público. As obras as fai servizos hidráulicos, e o Concello pois asume as obras realizadas ¿non?. Entonces si, si algún grupo quere intervir con respecto a este convenio.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Bueno e... nós en primeiro lugar manifestar que a pesar de que ten rexistro de saída do 5 de maio, non ten rexistro de entrada no concello, polo tanto non sabemos exactamente cando entrou no concello. O único que sabemos é que sae dos servizos centrais da Xunta o 5 de maio. Enténdemos que posiblemente poidera ser tido ditaminada na comisión de servizos e obras que se executou o derradeiro xoves de mes. Pero isto non foi así, como é preceptivo, nos temas que ten que ditaminar o Pleno. E en segundo lugar, non está completa a documentación no expediente. O texto do convenio dí literalmente na súa exposición, que as actuacións se reflectirán no mencionado proxecto remitido pola empresa pública e polo Concello de Mugardos, que queda incorporado ao expediente do presente convenio. No expediente do Convenio non está incorporado a parte do proxecto que correspondería a dominio de portos, de portos, e polo tanto estaría incompleta a

documentación que ven ao Pleno. Polo tanto nós solicitamos que quede enriba da mesa, clari, clarificar fundamentalmente o que sería o anexo, que é o proxecto ao que se fai referencia.

**Sr. Alcalde:** Non hai ningún problema en que quede enriba da mesa, porque aquí non se está ocultando nada. En todo caso, sabedes perfectamente que no seu día o Concello asinou un convenio con Aguas de Galicia, para facer as obras da EDAR, e poñer a disposición os terreos e todo o que fixera falta para facela. Esta é unha demanda pois e... moi demandada pola sociedade da comarca de, de Ferrolterra, e en concreto dos concellos de Ares e Mugar dos e Fene, e polo tanto non se dí nada do que non está recollido no convenio inicial que firmamos no seu día. O único que fai neste caso Portos, é que o Concello volva a ratificarse en que as obras que se realicen en solo de dominio público, pois que serán entregadas ao concello. E xa aprobamos no seu día o convenio anterior. Polo tanto... pero non hai ningún problema, tampouco hai unha urxencia tremenda para...si todos os grupos están de acordo queda enriba da mesa. Non hai ningún problema. De acordo.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda deixar enriba da mesa o asunto epigrafiado e que pase á comisión informativa de Obras, Servizos, Persoal, Medio Ambiente e Parques para o seu estudo.

### **3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO COMPLEXO ACUÁTICO MUNICIPAL ARES-MUGARDOS E INSTALACIÓNS ANEXAS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN.**

**Sr. Alcalde:** Ben, este é un tema que ven de comisión, como sabedes, e en todo caso pois e...ten a palabra o presidente, ou abrimos xa directamente un turno de intervencións. Ben, entón sometemos a votación. Ah... Ten vostede a palabra.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido dí): Gracias. Boas tardes en primeiro lugar. Bueno e... o tema que hoxe imos a tratar é para o que non o sepa, o expediente de contratación da xestión do complexo acuático coa piscina que compartimos co Concello de Ares, e polo tanto é a posta en marcha do modelo de xestión que se vai a aplicar para o seu funcionamento. Claro e... como a palabra dí, o complexo é complexo en si mesmo, pero a tramitación é máis complexa aínda. A piscina está rematada dende fai tempo, e o certo é que nós advertimos de que non se poden coller este tipo de cousas aprisas, senón que hai que coller as cousas despaciño e con boa letra. Cando se fai un prego de prescricións técnicas eu creo que, todos estamos de acordo, na que deben vir polo miúdo aquelas cuestións que fan referencia pois tanto á calidade dos servizos, como polo miúdo, o custo que vai a ter para os usuarios que sexan potencialmente usuarios da instalación, como todas aquelas cuestións relativas a non só a instalación en si, senon ao mantemento posterior e a xestión posterior que vai a ter unha instalación desa envergadura. Polo tanto claro, temos que lembrar que fai escasos dous ou tres días, catro ao sumo, remítesenos toda esta complexa documentación para que nós teñamos que decidir sobre a conveniencia ou non de determinadas cuestións, tanto

polo miúdo... tanto o número de abonados, as contías e as taxas que hoxe veñen reflectidas tamén ao Pleno, e polo tanto o expediente en sí, é dunha gran complexidade senón se vai tratando cuestión a cuestión. O certo é, que plantexada esta cuestión cos técnicos municipais na comisión conxunta de Facenda e Cultura de, de fai uns días, se plantexou certamente tanto todo o prego de condicións, como de prescricións técnicas, e á vez, plantexouse un plan de viabilidade o cal en si mesmo é complexo de entender, pero que bueno, que asume certas consideracións que nós non compartimos. En primeiro lugar, non pode entenderse que un concello destas magnitudes se traia un expediente tres ou catro días antes dunha posta ao Pleno, cando leva a piscina un ano realmente rematada. Ese era o intre de traela. Cando se comeza a construír esta instalación, porque eu creo que moita xente da que estamos eiquí, algo podemos aportar a esas cuestións. O certo é que, na comisión á que aludimos, se falou, e se faláron temas e numerosas dúbidas que plantexou cada grupo dos que estamos eiquí representados. E o certo é que se plantexaron respostas, algunhas quedaron no tinteiro, outras si se abordaron, pero o certo é que, ningunhas das modificacións que plantexou ningún dos grupos que estamos eiquí representados, se asumiu por parte do grupo de goberno, e polo tanto, polo tanto é difícil claro, que un teña que someterse sinxelamente a, a un expediente desta magnitude. O certo é que nós xa dixemos e xa reiteramos hoxe que nos parece que chega excesivamente tarde e moi precipitado, e sen apenas debate. Claro, cando as cousas veñen sen debate ao final saen as cousas así, pero ao longo dos anos se verá, que imos a ter que facer modificacións importantes na economía da xestión deste modelo. En canto ao modelo de xestión escollido, o certo é que é unha concesión a oito anos, prorrogables dous máis, pero o certo é que tampouco se plantexou dende o grupo de goberno alternativas a ese modelo, na xestión que se realizou. Nin se estudaron, nin se aportaron estudos económicos sobre a viabilidade doutros modelos de xestión que puideran ser perfectamente asumibles por estes concellos, e que probablemente ampliarían a calidade dos servizos en detrimento dos rendementos económicos como se está buscando eiquí. En primeiro lugar, certamente, tamén se vota de menos un informe técnico xustificando este modelo, non se cuantificou, eu non vin ningún informe técnico avalando este modelo respecto a outros, nin avalando que este modelo sexa moito mellor a outros. O certo é que, o lóxico sería para o que non sabe destas cuestións, é saber que ventaxes e inconvintes ten cada un dos mellores... cada un dos modelos, para saber si estamos dispostos a correr máis riscos economicamente, aportando maiores servizos ao cidadán, ou si polo contrario a prioridade do Concello e aforrar cartos a costa doutras cousas. No prego de cláusulas administrativas particulares, certo é que se está a primar no concurso a rebaixa do canón cuantificando con 150 puntos sobre e... sobre e... a cuantía que ten que dar de puntuación para as empresas que adxudican, que se vaian a adxudicar, que vaian a buscar a, a adxudicación da obra ¿non?. O certo é que... claro, si o vemos só numericamente, 45 puntos tería o proxecto deportivo e a mellora das instalacións 40. E dicir, que o que prima eiquí é a rebaixa económica no canón que ten que pagar o Concello á empresa, mentres... en consecuencia en detrimento dun proxecto deportivo que sexa acorde cunhos servizos de calidade para os veciños, e unha mellora das instalacións que todos sabemos que é... pois é unha cousa pois bastante interesante. O certo é que, nin o proxecto deportivo, ou o que é o mesmo, esas actividades que poñemos a disposición dos usuarios, se van a cuantificar na medida que é viable para unha calidade importante do servizo, e esas melloras das instalacións van a valer nin entre os dous para cuantificarse respecto a eses cartos que ten que poñer o concello. Ou o que é o mesmo, si unha empresa rebaixa ese canón

que ten que pagar o concello, pois se favorece moito máis que que faga un proxecto interesante e que faga un... unha ampla oferta de servizos. Por outra banda, gustaríanos saber tal e como reflicte o, o informe xurídico ao respecto da contratación, porque se desprende que pode ser un procedemento aberto ou restrinxido, claro, si estamos falando dun procedemento aberto estamos falando que se invitarán a todas as empresas que queiran concurrir á piscina, pero poidera ser restrinxido tamén. O cal, aínda restrinxe máis a eses trescentos dezanove mil euros, douscentos dezanove mil euros que ten que aportar a empresa que quera coller a piscina de Ares e Mugar dos, inicialmente para facer o equipamento da piscina. O cal de por si xa é complexo, pero bueno, parece que os concellos queren sacarse o problema inicial pasándollo a unha empresa, cousa que está moi ben, pero que puidera ser un problema a curto prazo para o Concello de Mugar dos e o de Ares. Sobre o proxecto de viabilidade, cremos que parte dunha premisa de euforia e optimismo excesiva, que pode dar como consecuencia un problema económico a medio prazo. E que, partimos de que o primeiro ano de posta en funcionamento, estamos falando de novecentos vintecatro usuarios da piscina. Cosa que eu descoñezo, ningunha piscina da comarca de proporciones parecidas, que pasara de cincocentos usuarios o primeiro ano. Pero bueno e... sabemos que ao primeiro o optimismo é moito e nós confiamos en que ogallá isto sexa así. O certo é que... que pasaría, é a pregunta que nos fixemos todos, se ese desfase ten que pasar factura á empresa e ao concello de Mugar dos. E polo tanto bueno, certo é que unha concesión deixa a risco e ventura estas cuestións para a empresa adjudicataria, pero probablemente, tamén tería sido convinte plantexar a concesión non a oito anos, senón ao mellor a dez ou a quince. Para ao mellor, que ese canón non fora tan gravoso para o Concello de Mugar dos nin para o de Ares, e que polo tanto que a xestión fose aínda máis liviana. En xeral é difícil facer aportacións a este proxecto, posto que... realmente o grupo de goberno pechou tanto as ofertas que é que, non quedou esta contía clara. Nós e... non compartimos excesivamente o plan de viabilidade, cremos que ten lagunas, aínda que ogallá, ogallá digo, ogallá esté, esté como ten que estar, porque sería unha ventaxe importante para o Concello de Mugar dos e... pero eu creo que nestas cuestións ser optimista non é ser cauto. E polo tanto e... bueno, nós nos imos a reservar polo de agora... si hai algún turno de intervencións para saber o que opinan os demais grupos.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Boas tardes. Ben, e... evidentemente, como, como tódolos estudos de viabilidade, e como toda a documentación que se presentan cando se vai a inaugurar un complexo como o de este tipo, pois ten pois moitos problemas ¿non?. Nós intentamos, dende o grupo socialista, intentamos asesorarnos comparando o estudo que nos ben hoxe aquí, con outros concellos, e máis ou menos comprobamos que é un convenio tipo similar ao doutros concellos, incluso as taxas comparando con algún deles, son baixas as que hoxe se traen a este concello. O que si, temos que reprocharlle ao grupo de goberno é que non dera máis participación aos grupos da oposición para a elaboración do convenio, e como dicía o compañeiro do Partido Popular, que non tiveramos máis tempo para estudalo con detenimento, porque documentación deste tipo, e bueno, para a maioría dos que aquí estamos pois se nos fai bastante farragoso e difícil de dixerir ¿non?. e... celebramos unha comisión de Facenda e Cultura conxunta, onde logo de dúas horas de debate, se intentou aportar suxerencias por parte de tódolos grupos da oposición, algunha como que as cotas non foran por ingresos senón por tramos. Que se modificara o horario de verán que propoñía o compañeiro do Partido Popular. O modelo de xestión que iamos a, a aprobar. Ou a prioridade

para que se inscribieran primeiro os, os usuarios dos concellos de Ares e de Mugardos, antes que os foráneos, logo iso a interventora nos aclarou que non era legal. E... ben... Me queda unha pequena dúbida ou dúas, que era o que ocurriría caso de que as previsións que ten o concello de que no estudo que se fai de novecentos usuarios pois non se lograra este ano ou o que ben. E haber si se me podía aclarar, aínda que teño unha idea do que quere dicir, pero si se me podería aclarar, e que faría o Concello en caso de que isto non sucedera. No informe da interventora, pon que a subvención, bueno vou ler... en todo caso a retribución prevista para o concesionario deberá ser calculada de modo que permita, mediante unha boa e ordenada administración, amortizar durante o prazo da concesión o custo de establecemento do servizo e cubrir os gastos de explotación e unha marxe normal de beneficio industrial. A subvención, é o que quero que se me aclare, non poderá revestir a forma de garantía de rendemento mínimo nin calquera outra modalidade susceptible de estimular o aumento de gastos de explotación e, en xeral, unha xestión económica deficiente polo concesionario e o traslado das resultas desta á Entidade concedente. Máis ou menos sei o que quere dicir pero me gustaría que mo explicaran, e que medidas se ían a tomar en caso que e... tivera unha xestión da economía deficiente a empresa concesionaria, moitas grazas.

**Sr. Alcalde:** Grazias Juan. Pilar.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Si bueno, nós xa o manifestamos na comisión co noso voto, íamos a votar en contra. Nos imos a referir unicamente ao estudo de viabilidade, e ao prego de cláusulas administrativas ao igual que as prescricións técnicas. E... a razón e bastante sinxela. Nós entendemos que ven a Pleno porque é legal, que veña a Pleno, e obrigatorio. E porque a Xunta de Goberno non ten capacidade legal para podelo facer na Xunta de Goberno, senón non viría ao Pleno. É dicir, eu creo que todos coincidimos en que é un tema de calado, e eu creo que ademais calquera modelo de xestión elexido, debería de conformar, dado que vai a ser durante anos, un certo consenso dentro da corporación. E o consenso non se buscou, nós plantexamos cuestións ás que facía referencia Juan Fernández, na comisión, e a maioría das respostas que obtivemos é, se somete a votación. E en todo caso se estudará. Pero do de que en todo caso se estudará, ao Pleno, é que o vemos no expediente do Pleno sin contestación algunha. Eu entendo que o grupo de goberno quera axilizar a posta en marcha, ao igual que todos os grupos municipais, pero eu creo que non é o método axeitado para poder facer isto. Facía referencia Juan Domingo ao tema do modelo de xestión, é verdade, eiquí se propón unha concesión administrativa, polas ventaxes que pode ter á hora de levar a administración, tendo en conta que Mugardos vai a ser quen leve a xestión da piscina, e polo tanto axilizar a carga que lle poderíamos meter aos nosos propios traballadores en canto á administración, e por outra banda as dificultades económicas que teríamos para a compra de equipamento, que deste xeito o amortizaríamos ano a ano, e non teríamos que facer o desembolso. Pode ser unha razón convincente, pero o certo é, que tamén poderíamos estudar economicamente como nos saliría o modelo de xestión en prestación de servizos, ou en consorcio público co Concello de Ares e Mugardos, e nestas tres modalidades poder buscar un consenso máis amplo que o que eu creo que se vai a dar neste pleno, dado que ademais a concesión é oito anos, máis dous anos de prórroga, en total dez, estamos hipotecando a xestión de tres corporacións municipais. E nós entendemos que, para esas cuestións polo menos é interesante que se non se chega ao consenso, se poida debatir durante algunhas horas

para que a maioría dos grupos podan intentar facer ese consenso, ou poda sair co maior apoio posible. En canto á previsión da viabilidade económica, eu tamen entendo polo que sabemos doutras piscinas, que o número de abonados é excesivamente voluntarioso, o que pon no plan de viabilidade, porque a experiencia nos dicta, que o grupo de natación escolar, non se fai abonado, e o de natación da terceira idade non se fai abonado. Que son os que maioritariamente empregan as diferentes piscinas agora que temos na comarca por parte de xente de Mugardos e Ares. Se iso se dira en Mugardos, ao igual que no resto das piscinas, estaríamos a ter un problema en canto ao número de abonados, porque sería practicamente imposible chegar a eses novecentos trinta e sete abonados que marca o prego. E despois, por outra banda, ben é certo que nesta modalidade de concesión administrativa a empresa é a que corre o risco, do beneficio económico, segundo o plan de viabilidade durante os seis primeiros anos sería un servizo deficitario que o Concello tería que corrixir, ou ben coa ampliación do tempo, esos dous anos máis de prórroga, ou ben, revisando a tarifa que pagan os usuarios. Home, as cifras eu creo que son importantes, é dicir... as cifras eu creo son importantes, no ano 2010, que sería trasladable practicamente ao 2011, que non vai en ano natural, sería, se calculan uns ingresos de trescentos cincuenta e catro mil, e uns gastos de trescentos noventa mil. Dá déficit trinta e seis mil o primeiro ano, vintacindo mil o segundo, dezaoito mil o terceiro, sete mil o cuarto é dicir, polo menos ata o quinto ou sexto non comezaría a dar. Estes cartos finalmente se terían que asumir ás resultas dos oito anos. Eu creo que non sería a mellor solución para a corporación que esté naquel intre, eu sei que é moi ventaxosa para esta corporación, que non asume custe ningún para a posta en marcha da piscina, pero creo que tamén é inxusto para o conxunto dos veciños, porque os que queiran utilizalo dentro de oito anos terán que pagar probablemente o dobre do que paga o que a vai a utilizar agora polo modelo de concesión esixido. Nós pedimos reflexión ao grupo de goberno, xa sei que reflexionou moito co concello de Ares, tivo moitas reunións, nalgunhas no expediente está a acta dunha reunión, hai outras actas ás que se fai referencia e que faltan, pero nós non compartimos nin o método, nin o modelo de xestión, nin sequera a duración. Creemos que os esforzos hai que repartilos solidariamente, os ten que repartir esta corporación, a seguinte e a seguinte. E o teñen que repartir os veciños que a van a utilizar agora, e os veciños que a van a utilizar dentro de oito anos. Por ise motivo imos a votar en contra.

**Sr. Alcalde:** Gracias Pilar.

**Sr. Bouza Rey:** Boas tardes. A min non me deixan de sorprender cousas porque... imos a ver, dicir que... nos pode gustar máis, ou nos pode gustar menos, pero dicir que non é un traballo riguroso por parte, non de políticos, que quede claro, por parte de técnicos tanto do Concello de Ares como do Concello de Mugardos, chegando, despois de facer os estudos pertinentes de todas as modalidades, que esta era o máis convinte para Ares e para Mugardos, polas características do spá cando o teña, polas características de estudos detallados de poboación, que así como Mugardos está rebaixándose, en Ares hai un repunte para arriba. Chegar aquí e dicir, pois isto nos gustaría que fose doutra maneira, se nos foi entregado fai catro días... mirade, toda a documentación esta que ven ao Pleno foi entregada o 18 de maio, hoxe é o 28, o 18 esta documentación que está aquí para aprobar hoxe foi metida no expediente das comisións conxuntas como se dixeron de Facenda e de Urbanismo, e estaba. Os erros que se vían, que se vían nas dúas comisións foron subsanados, os erros, pero claro, a

nós nos encantaría ter outras propostas encima da mesa. Non dicir, a min me parece que é máis, que esta é mellor e a outra é mellor, nos baseamos única e exclusivamente nas piscinas da comarca e máis da provincia da Coruña. Que nalgún caso foi pateado polos técnicos de Mugaros e de Ares. Non polos políticos, volvo a dicir, polos técnicos. As taxas que dicía Juan Fernández de, de... e ademais que o explica perfectamente, son collidas da media da comarca, en algún caso máis rebaxadas. Resulta que na comarca, a excepción de Esquerda Unida, todos os grupos que estamos aquí estamos representados, e bueno Fariña, e votamos a favor. É máis, en Ares despois de ver, e con menos, menos tempo destes dez días, e con non sei que, quitando estas puntualizacións que tamén se fixeron, non houbo absolutamente ningún problema. Claro, queremos que a piscina se poña en marcha, pero dicimos, imos a facer máis estudos. O equipo de goberno fixo os deberes, cos técnicos municipais, non politicamente ¿eh?, porque aquí non se xoga a política. Aquí se xoga con datos, se xoga con números e se xoga co que nos rodea por toda a comarca de ferrolterra. E todos os grupos, digo Partido Popular, Partido Socialista, o BNG, incluso en Ferrol tamén, e podemos dar unha volta por aí, chegaron cunha proposta, pero aquí dicen, vale pois a min non me gusta, bueno nos pode gustar máis ou menos, pero nós os deberes, os nosos técnicos e o grupo de goberno era, e a obrigaón desa piscina, que aínda que dí Juan Domingo que está rematada dende fai un ano, as obras non están recepcionadas, porque falta rematar a piscina, falta rematar a piscina, entón non están recepcionadas e se trae unha proposta para empezar, de unha vez sabedes máis os políticos que a xente que hoxe nos acompaña aquí, que esto leva unha tramitación, que posiblemente cando rematemos, estamos a final de verán, e claro, canto máis, máis, máis... e despois o de que o goberno non fai os deberes, non trae as cousas e... bueno se non nos gusta, nós a vamos a poñer a votación, ven ditaminada favorablemente da comisión de, de Facenda e máis de Cultura, e ao mellor, ao que nos temos que facer é o que critica esta proposta, que poña outra encima da mesa, que comparamos, porque a, a oferta, esto, o prego, todo isto é quitado como digo, doutros concellos, e posto para os nosos dous concellos. Este informe de estudo de viabili, de viabilidade pois nos pode gustar máis, ou menos, pero foi realizado polos técnicos que temos no concello. Entonces nós, creo que os deberes neste caso temolos feitos, sobrepasado.

**Sr. Alcalde:** Bueno, un pouco para matizar algunhas cuestións que, que si son importantes subliñar ¿non?. Sobre todo para clarificar, ou para reflexionar sobre todo a xente que se manifestou no debate. Hai que deixar claro que todos sabemos, pero non o dicimos, que non é unha piscina, é un complexo acuático, que é diferentes de todas as que hai posiblemente na comarca. Polo tanto vai a ser máis atractiva que todas as piscinas que están ao noso redor. Pero a maiores desto, todos somos conscientes de que é unha piscina para dous concellos, para Mugaros e para Ares. E polo tanto o consenso se ten que buscar entre Ares e Mugaros, e para iso se creou unha comisión de seguemento que está formada polos dous secretarios, o de Ares e o de Mugaros, polo Técnico deportivo de Ares e de Mugaros, e polo concelleiro de Cultura de Ares, ou de Deportes de Ares e de Mugaros, e polo Alcalde de Ares e polo Alcalde de Mugaros. E... eu non dubido da capacidade do portavoz do PP, que por suposto coñece, e o seu oficio, traballa neso, pero non poñamos en dúbida a capacidade do Técnico de Ares, que tamén coñece o oficio, nin do Técnico de Mugaros, porque coñecen o oficio. E tampouco poñemos en dúbida a capacidade do secretario do Concello de Mugaros, nin tampouco do secretario de Ares que son os que lle dan o visto bo

xuridicamente ao prego. Entón, eu quero dicir que, que bueno... é certo que os inicios, poñer en marcha unha cousa, pode traer... non sabemos, efectivamente, hai uns estudos feitos e en función desas diferencias que esta piscina vai a ter, cremos que pola poboación, pola poboación que teñen Ares e Mugardos, e os Concellos limítrofes, como pode ser xente de Limodre, xente de Maniños... que poida acudir a este complexo, porque non o hai noutras piscinas. Non porque... senón por que non o hai. E evidentemente isto se trae a Pleno, porque é unha competencia do Pleno, claro que si fora competencia da Xunta de Goberno xa o faríamos na Xunta de Goberno, naturalmente. Pero é un tema que pasou por Comisión, e que pasou por unha comisión de seguemento bastante tempo, que se lle deu moitísimas voltas. E... e cremos que, que, que é o momento porque queremos abril a evidentemente este ano. A piscina está practicamente rematada, poderíamos dicir rematada, quedan algunhas cuestións que teñen que, que facer, como é o enganche a... ao alcantarillado, e a conexión coa auga que no momento que se fixo a piscina a auga non pasaba por, polo sitio dela. Hoxe si pasa o abastecemento de auga, e esas son as dúas únicas cousas que teñen que facer. Creo que o modelo de xestión que se elixeu, pois foi un modelo que moi repasado, minuciosamente rigurosamente estudado por todos os técnicos e chegamos á conclusión que a mellor solución para os Concellos de Ares e Mugardos, é esta. E non estou de acordo de que é unha hipoteca para as, as, os gobernos que nos precedan aos que estamos hoxe aquí. Senón que, creo que a piscina, estamos convencidos ademais deso, de que vai a dar beneficios en un futuro moi próximo, ao Concello de Mugardos e ao Concello de Ares. E non podemos elixir unha prestación de servizos, porque lle costaría moitísimo máis ao Concello, e nin o Concello de Ares, nin o Concello de Mugardos estamos en condicións de enfrontarnos a esa situación. Polo tanto creo que, que é un ben para todos os veciños de Ares e de Mugardos, e creo que ese beneficio do que poden disfrutar tanto os veciños de Ares como os de Mugardos, pois o debemos ter en conta á hora de emitir o noso voto.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Eu nada máis que un segundo. En principio dicir, eu creo que... bueno nós polo menos dende o grupo socialista, non puxemos en dúbida que o traballo dos técnicos fora riguroso, exhaustivo, e que se fixera e... con, con toda a seriedade do mundo ¿non?. Pero tamén quero dicir, que os grupos da oposición non mentimos, cando dicimos que tivemos tres días para ver a documentación. A documentación estaba a disposición, como ben dí o concelleiro, o 18 de maio, e a comisión de Cultura e Patrimonio foi o 21. Tivemos 3 días para ver a documentación, estudala, informarnos, e logo poder propoñer as nosas, as nosas dúbidas na comisión. Quero dicir que... está claro que nós non mentimos cando dixemos que tivemos pouco tempo para vela, antes de que se celebrara a comisión. E por suposto, eu creo que todos nos vamos a alegrar si a piscina é un éxito de público e aínda encima da beneficios.

**Sr. Alcalde:** Gracias Juan.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Si, haber. Pois eu vou a discrepar co compañeiro Juan Fernández e co presidente da comisión de Cultura, en canto á documentación, porque o informe da interventora, que está no expediente do Pleno, é do 24 de maio do 2010. Eu dificilmente o tiveron o 18 de maio nin o 21. É dicir, sobre o punto que estamos a debatir agora, neste punto, porque non estamos a debatir a taxas. Neste punto, o informe que fai referencia a

este punto, está datado e asinado pola interventora Vanessa García Barreiro, Mugardos 24 de maio do 2010. Entón coincidiremos que o 18 non estaba. O 18 estaba o informe sobre o punto que ben a continuación, que é sobre as taxas. Ben, polo tanto eu creo que as cousas... cada un no seu sitio. En canto ao tema da comisión de seguemento, eu estou segura de que o goberno de Mugardos, e o goberno de Ares tivo multitude de reunións, e de que non é aleatorio que se elixira este modelo de servizo. Se compartirá ou non o que fai o goberno municipal, home, pero non se voltaría tolo, digo eu, imos. Entonces eu estou convencida de que tiveron multitude de reunións, o único problema é que na comisión de seguemento só está o goberno municipal de Mugardos e de Ares.

**Sr. Alcalde:** E os técnicos.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): E os técnicos. Despois falo dos técnicos. Estou a falar dos políticos. Só está o goberno municipal de Ares e Mugardos, e nos no Concello de Mugardos, no noso organigrama, temos unha comisión de Cultura e Deportes, é máis, aprobamos neste Pleno, e reiterado non sei cantas preguntas, dende fai anos, que se comezara a debater o modelo de xestión. Por parte, eu creo que de todos os grupos da oposición, en diferentes comisións, en diferentes plenos, en diferentes xuntas de voceiros. E nunca se deu a participación aos grupos da oposición para ir compartindo o traballo que facía o goberno municipal. Bueno, a min me toca un pouquiño as narices que son do Atlético de Madrid ¿eh?. Se podes pechar a porta... entón, polo tanto, traballo do grupo de goberno, pero no que os grupos da oposición, que por certo, son maioritarios neste Pleno e teñen que aprobalo, non participaron. En segundo lugar, eu non dubido da capacidade dos técnicos, pero a responsabilidade de decisión e miña, que son a política elixida polos veciños, e son a quen lle vou dar conta. Entón os técnicos teñen unha función, que é asesorar técnicamente, e o goberno, e neste caso o Pleno da Corporación, que é o que ten que decidir, decide politicamente. Eu xa sei que se pode... privatizar as pensións, como imos a debater despois, ou manter un sistema de seguridade público, non vai a depender dos técnicos, vai a depender do goberno, e neste caso a decisión do modelo de xestión, depende do goberno. Eu creo que o Alcalde deu a clave de por que non é unha prestación de servizos, e é que lles costaría moito aos concellos de Ares e Mugardos, e neste intre non é asumible. Pois moi ben, pois plantexese con claridade que non é asumible, ou ata onde se está... é que ti non estiveches na Comisión de Cultura, entón non sabes como se desenrollou, entón... plantexese con claridade, previamente a que veña ao Pleno. Porque si é así, e eu optaría por unha prestación de servizos, primeiro polo consorcio, como sei que esa proposta probablemente non obtivera consenso, probablemente, porque ao mellor Ares tampouco estaba en disposición... bueno, pois vaíamos a ver o que custa en prestación de servizos, porque nesa modalidade temos a escola infantil. A temos en prestación de servizo. Non a temos nunha concesión, bueno, pois poñámolo riba da mesa. Canto é o que custa, e a partir de aí vexamos. ¿Por qué?. Porque o control é diferente na prestación de servizos, que na concesión administrativa. Bueno, pois entón, eu prefiro asumir o recorte, e polo tanto que ao mellor teñamos que asumir solidariamente durante anos a decisión que tomamos de ter unha piscina compartida con Ares e Mugardos. En canto ao prego, directamente, nós xa o manifestamos na comisión. Nós non somos partidarios de que sexan oito anos, cremos que deberían de ser catro e dous, para non hipotecar, dado que non hai consenso, de por vida a este concello, en canto ao modelo de

xestión. Por certo, en prestación de servizos o ten o Concello de Fene, e o Concello de Pontedeume tamén. O que ten concesión administrativa é o Concello de Ferrol. Pero Fene e Pontedeume a teñen en prestación de servizos. Se eles poden, ao mellor nós tamén poderíamos. Porque entendemos que é no caso dos oito anos excesivo, probablemente, si as previsións do estudo de viabilidade non son correctas, o endebedamento que pode ter que asumir o Concello ou ben os usuarios ao cabo de oito anos, polo tanto aos catro anos o endebedamento sería menor, dado que a empresa vai a sacar beneficio como é obvio, sería menor, e polo tanto poderíamos reestudar todo o tema, a maiores de que asumiramos a diferenza en canto a gastos e ingresos. E eu creo que iso sería positivo para o conxunto. E despois, se fixo referencia ao número de puntos que eu tamén creo que é excesivo, porque o canon son 26000 euros aproximadamente entre o Concello de Mugaros e o Concello de Ares. Ao 50% son 13000 euros ao ano o que tería que dispor cada concello para satisfacer. 150 puntos e un peso moi importante en canto á totalidade do conxunto de puntos. Eu creo que sería máis convinte puntuar moito maior as prestacións que pode dar a maiores a empresa, en canto ás pequenas reformas, en canto ao material, ou en canto ao tipo de actividades, e dado que a cantidade que ten que aportar o concello 13000 euros non é unha home... bueno é unha cantidade importante, quero dicir, non é unha cantidade excesiva, que non se valorase tanto o que pode ser o número de puntos para aí. E ata eiquí.

**Sr. Alcalde:** bueno, imos a ver, e... para aclarar. Primeiro, as prestacións que vai a dar este complexo, van a estar por encima das prestacións que se están dando nas piscinas, nas piscinas que estás mencionando. Porque vai a contar a maiores con un spá. E as demais, propiamente da piscina, se van a dar exactamente igual, que as que se están dando nas demais piscinas. Segundo, o dixen antes e o volvo a repetir, é unha piscina para dous concellos, e son os concellos os que se teñen que poñer de acordo. E se poñen de acordo, en función, como dixen antes, de analizar varias veces os números económicos dunha forma ou de outra, e se chega á conclusión de que debido á situación económica que están pasando os concellos, pois o máis lóxico e o mellor é a concesión a unha empresa. E o número de anos, tamén está en función da, do que ten que aportar o concello de Ares e Mugaros. Si reduces o número de anos, máis aportación teñen que facer os concellos. Si se fai unha prestación de servizos como se falaba aquí antes, tanto o Concello de Ares, como o Concello de Mugaros, teñen que equipar eles mesmos a piscina, comprar os equipamentos que é un montante de diñeiro respectable, e a maiores tamén, teñen que pagar moitísimo máis porque son eles quen, quen a xestionan. Pero tamén outra cousa, que é unha aclaración, é que a guardería non está en prestación de servizos, senón que está en concesión. Está en concesión. De feito remata o prazo de concesión este ano. Volvo a repetir, eu creo que é a mellor opción, e neste coinciden os concellos... o Concello de Ares polo menos co Concello de Mugaros, coa representación que está na comisión de seguemento, e cremos que... e vós tamén debedes de crelo, que fixemos todos os número necesarios para que saira o máis beneficioso para o Concello de Mugaros e tamén para os veciños.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Hola, boas tardes. Haber, eu estaba á expectativa do debate, porque me abstiven na comisión, entre outras cousas por falta de, de coñecemento ao respecto, e esperaba que cada un aportara as súas cousas. Despois do debate, e de aguantar eu creo que bastante tempo o tema, eu quero sinalar un par de cousas que a min me chaman a

atención. A primeira, Alcalde, isto non é un acto de fé, de acordo. En política iso non vale, bueno. Polo tanto, calquera estudo de viabilidade, primeiro dicir que non poño en dúbida que seguramente a proposta, seguramente a proposta sexa a mellor, non o poño en dúbida. Pero calquera estudo de debate, de viabilidade, o debate previo, é que tipo de xestión. É o primeiro que é. Seguramente chegaremos á conclusión de que hai unha falta de debate previa á situación de hoxe. É dicir, que dado o coñecemento que temos e os datos que nos aportan os técnicos, temos dúas opcións, a ou b, cos pros e os contras. Decidimos o tema, e prosegue o debate. E outra cousa que me chama moito a atención, é que de... con un énfasis eu creo que forte pola túa banda, pos polo medio aos técnicos. Non, a iso non xogues, a iso non xogues. Os técnicos están para asesorarte. Eu estou totalmente de acordo con Pilar en que si o técnico quere xogar a outra cousa, o que ten que facer é presentarse ás eleccións, de acordo. Polo tanto eu chamo á mesura. Eu creo que seguramente este é o mellor dos sistemas, seguramente, e sería bo, que como isto non é para este ano, nin para o que ven ten moito máis tránsito, sería bo, que sin problema ningún, que seguramente é a mellor, non tiverades tanta prisa, e o postergaras para o vindeiro pleno, e o vindeiro pleno co debate moito máis definido, é probable seguramente, de que a opción que estás a presentar poida ir adiante. Nada máis que iso, pero conclúo, e reitero, Barcia noutro sitio, eiquí non hai actos de fé. Vale.

**Sr. Alcalde:** Fa, Fariña, mira. Agradezo moitísimo a túa intervención, pero esto xa foi aprobado en Ares por unanimidade, sen ningún problema.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Pero bueno, haber Barcia.

**Sr. Alcalde:** Sen ningún problema.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Me, me permites un tema.

**Sr. Alcalde:** Si.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Iso xa o sei. Non me contes o que eu xa sei, que foi aprobado en Ares por unanimidade. Eu sei si en Ares previamente o Alcalde...

**Sr. Alcalde:** Aquí, aquí somos máis... si

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Permíteme, fixo o que eu che estou a demandar que fagas. Fixoo si ou non.

**Sr. Alcalde:** Aquí

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Si o fixo, ben.

**Sr. Alcalde:** Aquí

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): E se non o fixo, pois mal, e punto.

**Sr. Alcalde:** Se fixo exactamente igual que en Mugar dos. Si, si. Se fixo exactamente igual que en Mugar dos. A maiores, a maiores teño que dicir que se tratou en Xunta de Portavoces, e se fixo, se puxo a proposta enriba da mesa, na Xunta de Portavoces. En Xunta de Portavoces, eu vos anunciei que a comisión había elixido, antes de ir a comisión de cultura e facenda. Entón, me parece perfecto que, que haxa discrepancias e todo iso, me parece perfecto, pero tedes que entender, tedes que entender que a xente que estivo traballando neso, buscou a mellor forma para os dous concellos. Iso é o que hai que entender. É un modelo que está practicamente en todas as piscinas da, da, por aí, pola comarca, por Ferrol, por Narón, por Rianxo, por... é un modelo que se saca desas piscinas, e a maiores o esforzo que fai o Concello de Ares e o de Mugar dos é ofrecer mellores ventaxas aos usuarios. Entón non vexo eu a... a dificultade para entendelo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido dí): Haber... e... eu creo que... nós non imos a debatir sobre, sobre isto máis. Como vostede dí, quedou claro que lle sobre a oposición, xa fai tempo que lle sobra a oposición de Mugar dos, non só neste asunto, senón en moitos outros. E o que parece que en varios anos, e a pesar de numerosas preguntas da oposición, como referenciou Izquierda Unida. Nós cansámonos de preguntar polo tema tabú da piscina municipal, que era un tema do que se descoñecía, parece que non se fora a construír nunca, e se estaba xa facenda a piscina, e eiquí nunca se falou, en varios anos, do modelo de xestión. Agora parece que... se defende dende o grupo de goberno que non houbo presas. Que se quere abrir a piscina en outubro, pero agora se quere apurar o tema, porque antes claro, non era máis viable que agora. Eu creo que tivemos tempo suficiente, tanto dende o Concello de Ares como del Concello de Mugar dos, perfectamente para falar. Claro, vostede nós ven eiquí e nos presente un plato único, e aínda quere vostede que sexa do noso gusto, e temos que aplaudirlle ao seu gusto. Eu non aplaudo o seu gusto. E por certo, como dixemos antes, eu tiven conversas cos técnicos, cos técnicos municipais, e un deles defendeu a capa e espada sempre, a prestación de servizos. Polo tanto, que haxa un troco de expectativas en función do ámbito no que nos movemos agora, parece-me correcto tamén, porque se adapta un ás perspectivas económicas, a, a, a bueno, aos problemas que teñen de financiación os concellos, e me parece ben que un técnico cambie de criterio en función de adaptarse a esas cousas. Pero os técnicos non son dogma de fé o que dín. Porque se adaptan ás circunstancias. E polo tanto é cuestionable, eu cuestiono, e atrevome a cuestionar que o que se dixo antes, se pode defender agora tamén. E non estou defendendo ningún modelo, nin un nin outro, pero estou dicindo que cando se poña riba da mesa un menú, polo menos se lle de á xente unha alternativa para escoller. Porque si o menú o confeccionan os técnicos, sobramos os políticos, e polo tanto é un aforro importante para os concellos, habería que valoralo tamén. Eu o único que digo é que... o que hai que facer en primeiro lugar, non é estar de acordo co Concello de Ares. O primeiro que hai que ter é un criterio propio no Concello de Mugar dos. E a partir dun criterio propio teremos que falar con Ares. Pero hai que facer os deberes antes eiquí. Nós non nos dixemos, supoño que en Ares farían outro traballo, e probablemente farían máis pedagogía o Alcalde de Ares explicando aos grupos, non o sei, o descoñezo, e non é unha cousa que me incumba especialmente. Pero eu teño que pedir, dende a posición que nos ocupa eiquí, pedir a responsabilidade dos que nos gobernan, de que nos poñan riba da mesa as mellores cuestións para defender os intereses do meu concello, que é este, é o de Mugar dos. E polo tanto ben, vimos eiquí, nós di vostede que xa se aprobou en Ares, como quen vimos eiquí a facer un

paripé, realmente ¿non?. Porque si xa o aprobaron vostedes, é o que dixo vostede anteriormente, que lle sobra este Pleno, porque si poidera facelo vostede en Xunta de Goberno, o tería feito fai tempo. E polo tanto estamos facendo eiquí nada máis que plantexar que vostede non empregou o método que era o que tiña que empregar, que era o de debatir e plantexar situacións, que probablemente tivera razón en moitas delas, non estamos quitando nin dando razóns. Estamos falando que o método que emprega non é o máis axeitado. Vostede, vostede plantexou que a prestación de servizos é moito máis incómodo para o Concello, e probablemente sexa así. Pero entón si vostede o sabe, porque non podemos sabelo os demais. Porque temos que vir ata este Pleno a enterarnos eiquí. Eu creo que con traer un informe técnico avalando que na situación actual é aconsellable un ou outro modelo, nós houberamos reflexionado perfectamente, e vostede como bo xestor, levaría o aplauso da oposición por mirar por, polo beneficio de Mugardos. Pero ante iso, vostede antepón, pone, fala vostede con Ares e de Mugardos se esquece. E creo, quero lembrarlle que en Mugardos temos unhas inxerencias que temos que ter tamén. Eu non sei si en Ares as teñen iguais, supoño que si. Pero eu creo que primeiro hai que facer os deberes neste Concello. Eu creo que non se fixo así. Se fixo, se falou entre Alcaldes, se chegou a un acordo que era beneficioso para as arcas municipais de ambos dous concellos, que están bastante tocadas, e era, e fundamentalmente o peso da solución foi ese. O problema económico, e non a oferta deportiva, nin o proxecto deportivo, nin as alternativas nin os servizos que se podan ofertar, nin o aumento de prestacións. Primou única e exclusivamente o tema económico. E iso está moi ben nestes tempos que corren, pero imos a facelo durante dez anos, ogallá que dentro duns poucos estemos nunha situación mellor, e xa veremos se iso é o que quereríamos para todos. O único que, que criticamos eiquí, é que cuestións como a que se plantexa hoxe, teñen que vir dun consenso entre os grupos, e iso é o que se lle pide ao grupo de goberno. Non se lle está a por paos nas rodas, o único que se lle dí, é que vostede non pode vir eiquí a pretender que nos evite dar a información, e pon riba da mesa as alternativas, e aínda por riba que comulguemos coas cousas que vostede nos ven a plantexar como plato único. Nós estamos xa mal acostumados, nós non comemos o plato único, porque o BNG ten un plato e nós temos o noso. E o noso, independentemente de que coincidamos no plato, queremos alomenos saber que hai outras alternativas, e cancelando as que non son beneficiosas chegar á conclusión máis acertadas para este concello con argumentos sólidos. Eu creo que brilou pola súa ausencia esas cuestións. Polo tanto, o único que pedimos é responsabilidade, responsabilidade que non parte só dos grupos da oposición en poñer propostas como agora dí. Porque claro, si vostede se evitou un ano ou dous falar da piscina, como imos a aportar solucións. O que non quere entender é vostede, que non deixou que se aportara nada. E polo tanto, agora me choca que o que vota en contra é amigo, ou pouco amigo dos mugardeses por non defender un ben para Mugardos. Eu creo que ese discurso se foi vendo que está caducado, e que os grupos que estaban eiquí tamén estamos para ver o porvir de Mugardos. E entre o porvir de Mugardos, tamén está o non hipotecarlo, nin en sacar as prestacións mellores, nin dar os mellores servizos aos cidadáns. Iso é facer, iso é un servizo tamén dende eiquí. E polo tanto non todo votar a favor sempre é positivo para Mugardos. Isa é a sensación coa que eu me quedo, e polo tanto creo que é unha responsabilidade que nos supón aos que estamos representando a, a moitos veciños e veciñas de Mugardos.

**Sr. Alcalde:** Mira unha cousa Juan Domingo. Si o goberno fora irresponsable, e quixera facer as cousas sen contar coa oposición, facía un contrato de catro anos, e o facía na Xunta de Goberno e pasaba do Pleno. Sin embargo, o goberno, como é responsable e sabe que trae a pleno a mellor oferta que pode facer Mugar dos para a presta... para a concesión dos servizos da, da piscina o trae a Pleno. Pero ademais voulle a dicir outra cousa, Juan Domingo, vostede é o menos indicado a falar como fala, porque vostede se non minte, sabe que falei con vostede cantidade de veces con respecto á piscina, e o modelo de xestión. Certo ou mentira.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido dí): No pasillo.

**Sr. Alcalde:** Non, non, non. No despacho do Alcalde. Non, non, non. vostede é o menos indicado a falar como fala. Porque vostede falou conmigo moitísimas veces con respecto ao tema de xestionar, porque eu entendo e entendía naquel intre, que vostede é unha persoa que coñece o tema. E por iso o chamaba para falar do tema de eso. E por iso falamos moitas veces, e o discurso seu cambio totalmente, o seu discurso cambiou totalmente, polo tanto a min me parece que non é... a política ten que ser con coherencia, e a coherencia se manifesta a diario. Non unhas veces digo, e outras veces digo Diego. Iso non é facer política. Traemos a mellor proposta que podemos traer en beneficio do concello e de todos os veciños e veciñas de Mugar dos, e vostedes todos son conscientes diso, e o saben perfectamente. Porque coñecen a situación económica do concello, e non hai outra forma de facelo. Porque si se poidera facer, xa digo, con catro anos, o levaba á comisión de goberno e punto. Sin embargo ven aquí, porque é unha cousa para todos, e é para o goberno actual e para os futuros. Polo tanto o falar unha cousa un día, e outra cousa outro, iso non vale, en política polo menos, polo menos para min. Si, si.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Haber, brevemente. E haber si por favor non demostramos que recitemos outro pleno máis porque senón nos dan as dez, e o aguante desta xente creo que ten os seus límites. Nosoutros non, que nós estamos acostumados. Haber, tres aclara, tres aclaracións. A primeira, eu dixen que non é cuestión de discrepancia, ao menos pola miña parte, e conmigo non falaches. É falla de coñecemento, nada máis, pola nosa banda, polo menos pola miña banda. Non é discrepancia, a discrepancias virán despois en base ao coñecemento. E eu creo que hai que facer pedagogía de goberno, e sobre todo cando sodes minoritarios, e eu creo que esta forma non a é. Eu non posibilitei... imposibilitei este tema, dixen que sería mellor quince días, ou vinte, ou un mes e punto. E seguramente teremos unha maioría máis que suficiente. E por derradeiro, un consello, o derradeiro, home, Eurovisión é dentro dunha hora e pico, ponte a gritar despois, non agora ¿vale?, gracias.

**Sr. Alcalde:** Non, hai, hai cousas que, que se salen, que se salen fora do testo. Por iso alzo a voz.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da sesión conxunta das comisións informativas de Facenda e Patrimonio, e Cultura e Deportes, así como os informes da interventora municipal de data 24.05.2010, e do secretario da corporación de data 26.05.2010, obrantes no expediente, obténdose o seguinte resultado: 5

votos a favor (5 BNG), 5 en contra (3 PP, 1 IPM, 1 EU-IU) e 3 abstencións (3 PSOE), efectuándose unha nova votación, á vista do empate producido, obténdose o mesmo resultado, 5 votos a favor (5 BNG), 5 en contra (3 PP, 1 IPM, 1 EU-IU) e 3 abstencións (3 PSOE), quedando, polo tanto, aprobado co voto de calidade do sr. Alcalde, e adoptándose, en consecuencia, os seguintes **ACORDOS**:

1º.- Declarar que a actividade ou xestión do complexo acuático e instalacións anexas dos concellos de Ares e Mugardos (piscina climatizada e as súas instalacións anexas) terá en todo momento a calificación de servizo público de competencia municipal, xestionado de forma indirecta baixo a modalidade de concesión quedando, polo tanto, asumido polo concello como propio do mesmo.

2º.- Aprobar:

-Cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da concesión da xestión e explotación do servizo público do complexo acuático dos concellos de Ares e Mugardos, de data 14 de maio de 2010.

-Prescricións técnicas particulares, de data 14 de maio de 2010.

-Estudio de viabilidade do complexo acuático municipal dos concellos de Ares e Mugardos, de data 14 de maio de 2010.

3º.- Acordar a necesidade da contratación do citado servizo polos motivos que se especifica na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.-Aprobar o expediente de contratación do servizo, e dispor a apertura do procedemento de adxudicación pola modalidade de concesión, e autorizar o gasto con cargo á partida 2010.0.342.0.47900, do orzamento vixente.

#### **4.- ORDENANZA FISCAL Nº 22 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO COMPLEXO ACUÁTICO MUNICIPAL ARES-MUGARDOS E INSTALACIONES ANEXAS (PISCINA MUNICIPAL E XIMNASIO).**

**Sr. Alcalde:** Ben, si algún grupo quere intervir. Si, si. ¿Alguén máis quere intervir? Ben, señora Díaz, ten a palabra.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Señor Barcia, moitas grazas. E... bueno, imos a ver, se non estamos trabucados, a taxa ven a mesma que pasou pola comisión. Bueno, entón imos a repetir un pouco a intervención que tivemos na comisión, na que manifestamos o noso desacordo coa taxa, e que vemos que non se tivo en conta nada do que aportamos, e polo tanto estamos na mesma situación que a, que a Comisión. Imos a ver, en canto aos colectivos especiais, que son os que teñen unha diminución en canto ao abono, a proposta é que entren os desempregados, os xubilados, os pensionistas e persoas con discapacidade superior ao 33%. E nós cremos que faltan os estudantes, porque hai xubilados e pensionistas que teñen máis capacidade adquisitiva da que ten un estudante para poder acceder, e polo tanto

estaríamos beneficiando ao que máis ten, en detrimento do que menos ten. Insistimos en, na proposta. De que se inclúa ás persoas que non teñan... Que teñan carné de estudante, e que non sexa compatible cun posto de traballo como hai algúns que se fan. En canto ao abono familiar a nosa proposta que tamén fixemos na comisión e que tampouco está contemplado, é que se suprima o límite dos 24 anos para a entrada no abono familiar, e que se incorpore, ou se suprima o límite de idade, e polo tanto que sexa por fillo a cargo que non perciba prestación económica. Porque é cada vez máis complexo ter emprego, e cada vez é maior a permanencia no domicilio materno ou paterno. Pero bueno, tampouco, tampouco está. Despois e..., non vemos, non só que sexa por renta, que parece que por tramos de renta é imposible legalmente, pero non vemos contemplado como hai en casi todas creo que as ordenanzas deste concello, a exención ou bonificación para os ingresos menores da unidade familiar do salario mínimo interprofesional, tampouco está contemplado, sin embargo está contemplado nas outras taxas municipais, tampouco vemos a súa incorporación. E, queda por incluir, ou nós non o vimos, así como hai un capítulo especial para a natación escolar, non vemos onde vai reflectido o capítulo especial, como teñen outros concellos, en canto ás actividades de natación para a terceira idade. Non o vemos por ningures. E dado que a nosa piscina ten máis prestacións que o resto de piscinas, nos gustaría que puidera ser máis amplo, como van a ser máis amplas as actividades que vai a ter, que tamén estivera regulado, ao igual que fai Narón, que ten unha piscina diferente á que temos nós, programas para minusvalidos, digo como a nosa ten máis prestacións, matronación, postparto, recuperación funcional, que son actividades que mellorarían o que sería a asistencia á nosa piscina, ou a piscina terapéutica como ten Narón, a pesar de ter unha piscina de menos calidade que a nosa, pero tamén o ten incorporado dentro dun apartado especial, incluída a natación para bebés e demais, e polo tanto que puideramos incluir algunha de esas, de esas actividades. Nós entendemos que en canto ás entradas ao complexo deportivo non hai redución con respecto a outras piscinas, é dicir, nós na piscina infantil o temos marcado en 2,50, Fene o ten en 2,10 e Narón o ten en 2 euros. É dicir, non o temos. É certo que nós temos o sistema de abono, e é certo que eles teñen bonificacións por bono familiar en torno ao 20%. Polo tanto non estamos nese apartado establecendo unha taxa menor, da que teñen outros, da que teñen outros concellos. Nin tampouco a estamos a establecer nos maiores de 18 anos, á vista do que pasa noutros concellos. Non sabemos, estas... a maioría destas propostas xa as fixemos en comisión, non están recollidas, supoñemos que no día de hoxe tampouco se nos recollerán, e de non ser recollida ningunha ou non haber de posibilidade de incorporar algo, pois votaríamos en contra.

**Sr. Alcalde:** Ben, si Juan.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Algunhas das, das intervencións xa as dixo a compañeira, porque estaban recollidas da, na acta do, da comisión de cultura... perdón ¿eh?. E... quería simplemente recordar que nas notas sobre os precios, sobre os prezos que se había comentado na comisión, no punto un que pon, a matrícula para abonados e abonadas é única, e se fixa para o momento da inscrición. Ben, ali se comentou de que a matrícula é anual, e logo esto sigue, de que si nalgún momento a persoa abona, abonada solicita a baixa, no intre que solicita a reincorporación deberá pagar de novo a matrícula. Se entendía, e creo que o presidente da comisión así o confirmou, de que si durante o ano pide a reincorporación que

non tería que volver a pagar a matrícula, e aquí da a entender que hai que volver a pagar a matrícula. Non sei si eso e... polo menos na comisión se dixo que sí, non sei se iso é legal ou se pode incluír. Non sei si me expliquei ben.

**Sr. Alcalde:** Imos a ver, no tema da matrícula, si avisa, si avisa de que por circunstancias non pode asistir, evidentemente non volve a pa, a pagar a matrícula. Outra cousa distinta é que si ti colles e te matriculas, e deixas de asistir, e á volta do tempo pois e...

**Sr. Fernández Ameneiro:** Barcia, pero ti pagas a matrícula por un ano ¿non?

**Sr. Alcalde:** Si, si.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Durante ese ano, vaia seis meses ou vaia tres, tes a matrícula paga. Vamos, e o meu entender. Aquí que... caso, si solicitas a baixa e te volves a dar de alta tes que volver a pagar a matrícula.

**Sr. Alcalde:** Se, se entende que pide a baixa porque se traslada doutro sitio, eu que sei.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Pero, pero durante o ano, vamos, creo que debería de ter a matrícula paga, e simplemente pagar as cuotas como todos, como todos os veciños, vamos. Eu creo que incluso na comisión, máis ou menos se aceptou tacitamente polo presidente da comisión.

**Sr. Alcalde:** Bueno, hai unha matización que con respecto ao tema que se falaba dos estudantes, de natación para estudantes e todo iso, que non se recolle, que dice, bueno... aí se recolle, un tema que hai 50 horas de libre disposición para, para os concellos. Entonces nesas 50 horas entrarían esas actividades para, para os chavales de primaria, e de 10 anos que quixeran practicar a natación, como, digamos, como si fixera ximnasia na escola, pois, pois vai aí e fai a natación. O que pasa é que entraría dentro desas, dentro desas 50 horas de libre disposición para os concellos de Ares e Mugaros. E bueno, é certo que en, en algunhas tarifas son algo superiores que as que están normalmente por aí, pero hai outras que son máis baratas. Polo tanto se buscou un equilibrio para, para que casaran as contas, pero xa digo, son máis ou menos, o que se está cobrando en todos os sitios, a maiores de que este ten un plus máis, que non teñen as outras piscinas. Ben, si non hai máis intervencións... a... Begoña perdón. Perdón.

**Sr. Gómez Díaz** (que traducido dí): Gracias, boas tardes. Haber, vou a ser breve, porque máis ou menos o que tiña que dicir xa o dixeron os compañeiros, das aportacións que fixemos na comisión non ven absolutamente nada recollido, inclusive a dúbida que plantexa Juan agora, non se aclarou no que é o texto, e eu creo que isto pode levar bastante a error. E entón iso, con unha cousa que nós dan así, se nos gusta ben, e senón tamén, pois... non hai moito que facer, non houbo ningún tipo de, de conversa, nin de tentar chegar a un consenso, nin de tentar... pois iso, o colectivo de estudantes, a posibilidade de exención a, aos menos pudentes, e... non nos gustan estas taxas. Gracias.

**Sr. Alcalde:** Por gustar, teño que dicir a todos, a todos e a todas, que a min particularmente me gustaría que fora pública e gratuita. ¿Eh?. Iso é o que me gustaría a min. Ben, sometemos a votación, votos a favor...

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): E sobre o tema das 50 horas, porque creo que fas referencia ao que ven no prego. Pero sen embargo é para actividades dos concellos, pero non tería nada que ver co concepto de estudante. Ti te estabas a referir á natación escolar, que é algo que si que ven regulado cos oito euros mensuais, e eu me estaba a referir aos estudantes maiores de 18 anos que non teñan prestación económica.

**Sr. Alcalde:** Hai unha diferenza que, que de máis de 24, serían 25, e menores de 24 serían...

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): E... eu vou a clarificar o voto, e así xa... quero dicir, xa rematamos co debate. Nós xa anunciamos, que no periodo de alegacións, imos a alegar. Imos a votar en contra, o que nos vai a permitir alegar no periodo de alegacións. Esperamos que o goberno municipal as alegacións que fixemos as estude, e que polo tanto como non foi neste pleno, poda ser no seguinte. Eu creo que ademais hai actividades que está a facer agora o concello, que son positivas, como son natación da terceira idade, que non aparece reflectido, que sería por erro, por prisa ou polo que sexa, pero eu creo que si queremos manter a actividade, non deberían de entrar no capítulo de abonados, e despois unha ou dúas semanas ao día, e entón bueno, nós polo tanto miraremos a ordenanza e nese intre alegaremos.

**Sr. Alcalde:** Vale, gracias Pilar.

**Sr. Bouza Rey:** Imos a ver. Se explicou tamén na comisión que aparte desto, efectivamente, agora que xa se adiante que vai a haber alegacións á ordenanza, tan pronto empece a ordenanza a andar, posiblemente aparezcan, non fallos, senón ao mellor de, de, de redacción incluso. Pero aquí a empresa que colla a concesión, se crea unha comisión entre os Concellos Ares-Mugar dos, onde estarán políticos é técnicos, para facer todas estas cousas que se están vendo, poidemos coincidir terceira idade, escolas e non sei que... pero é que isto pon o prego ¿eh?. Claro, como non vos deu tempo ao mellor é que non o leiches.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): E... Bouza, eu o lín perfectamente. E non me intentes torear.

**Sr. Bouza Rey:** Non, non, non.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): O que está a votar o Pleno é a ordenanza fiscal número 22, reguladora da taxa pola prestación do servizo público da piscina municipal e ximnasio.

**Sr. Alcalde:** Haber, si, si.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Iso é o que estamos a votar. Un segundo nada máis. Entón, o que quedou pendente, e xa cho vou a dicir para o regulamento, que foi outra das cuestións que plantexou Izquierda Unida, co tema da ordenanza, é que en canto á inscrición para os cursos, os veciños de Mugardos e Ares non tiñan ningunha prioridade sobre o veciño de Carballás. ¿Vale?. Ou sobre o veciño de Santiago. E conviñemos, naquel intre, por iso non o citei xa, que no propio regulamento...

**Sr. Bouza Rey:** Claro.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Pero que terá que ver unha cousa coa... que no propio regulamento que traía a empresa adjudicataria, ¿vale?, proporemos que os veciños de Ares e Mugardos non entren como dí eiquí, no sorteo, non entren no sorteo, como ven no prego, e polo tanto teñan prioridade á hora de entrar nos cursos. Pero iso non ten nada que ver coa ordenanza. Haber si lemos.

**Sr. Alcalde:** Imos a ver. O da ordenanza sabedes que está posta en función do prego. Senón si se modifica a ordenanza como está, hai que modificar o prego. Polo tanto nestes momentos, pois non pode ser modificada. Ten, tes dereito a alegar, naturalmente, e en función diso se responderá, e... si Juan.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Si, si, eu pediría que en aras de que haxa consenso, e como Bouza recoñeceu que se podían incluír algunhas propostas, pois eu pediría que quedara encima da mesa, se estudara a ordenanza detenidamente, e como non é algo urxente poideramos debatilo en comisión, e que viñera no próximo Pleno.

**Sr. Alcalde:** Juan, Juan. Perdoa un segundo, imos a ver. Isto vai con relación ao prego, acabamos de aprobar o prego. Porque isto vai en función do prego senón... entón.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Entón non pode, non pode quedar enriba da mesa.

**Sr. Alcalde:** En todo caso, en todo caso.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Pregunta ao secretario.

**Sr. Secretario:** Home, encima da mesa pode quedar. Encima da mesa pode quedar.

**Sr. Alcalde:** Pero, pero hai que modificar o prego. Pero, pero hai que modificar o prego tamén. Vaaa... por favor home, hai que ser un pouco máis serios. Vamos... claro. Claro, se abre unha fase de alegacións, e na fase de alegacións si se pode corrixir, se corrixen. Eu creo que é así. E non hai... oes. Acabamos de aprobar un, un prego, e agora na fase de alegacións, o que teña tal, pois se meten. E si se pode corrixir se corrixen.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Si, haber. Para que quede riba da mesa non habería que declaralo de urxencia entón. En todo caso, nós, nós non estamos de acordo, haber, nós non estamos de acordo en quede riba da mesa. Preferimos que siga o trámite

porque xa anunciamos que imos a alegar. E polo tanto a ordenanza vai a voltar ao Pleno. E dado que non houbo vontade de deixar riba da mesa o anterior, nós preferimos que se vote para que o retraso que poda levar a piscina non sexa achacable ás alegacións que Izquierda Unida vai a facer á ordenanza.

**Sr. Alcalde:** Gracias. Entón o sometemos a votación e logo e...

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da sesión conxunta das comisións informativas de Facenda e Patrimonio, e Cultura e Deportes, así como o informe da interventora municipal de data 24.05.2010, obrante no expediente, obténdose o seguinte resultado: 5 votos a favor (5 BNG), 5 en contra (3 PP, 1 IPM, 1 EU-IU) e 3 abstencións (3 PSOE), efectuándose unha nova votación, á vista do empate producido, obténdose o mesmo resultado, 5 votos a favor (5 BNG), 5 en contra (3 PP, 1 IPM, 1 EU-IU) e 3 abstencións (3 PSOE), quedando, polo tanto, aprobado co voto de calidade do sr. Alcalde, e adoptando en consecuencia o seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar provisionalmente a ordenación e imposición da Ordenanza Fiscal núm. 22, reguladora da taxa por prestación do servizo público do complexo acuático municipal Ares-Mugardos e instalacións anexas, redactada tal e como figura no expediente, e que se expoña ao público a efectos de reclamacións, durante o prazo de trinta días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, no suposto de que durante o indicado prazo non se presenten reclamacións.

#### **5.-DAR CONTA DOS ESCRITOS DE CONDOLENCIA E REPULSA ENVIADOS CON MOTIVO DOS ASASINATOS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das condolencias enviadas aos Concellos onde se teñen producido mortes como consecuencia da violencia de xénero, segundo a relación que figura no expediente, á que se deu lectura pola concelleira de Benestar, igualdade, sanidade, mocidade, ensino e política lingüística dna. Ángeles Díaz Prados, así como das peticións aos Concellos para que lle fagan chegar o pésame ás familias das vítimas e da repulsa deste Concello á violencia de xénero.

#### **6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM 257/2010 a 333/2010.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núm. 257/2010 á 333/2010, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

**INCIDENCIA:** O presente punto pasa a ter outra denominación por terse refundido a moción de EU-IU coa presentada polo PP.

#### **7.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE EU-IU E O PP CONTRA O PLAN DE AXUSTE DO GOBERNO**

**Sr. Alcalde:** Bueno, a primeira moción é a moción, ¿cal é?. A moción presentada Izquierda Unida-Partido Popular, e polo tanto se lle cede a palabra ao que faga de portavoz da moción.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Ben, a moción do, do día 22 de maio a presentou Izquierda Unida, non Izquierda Unida e o Partido Popular. É sobre o rexeitamento do Plan de Axuste que primeiro aprobou o goberno o día 12, o 20 de maio, e que onte ratificou o Parlamento coa valiosa abstencion de Convergencia i Unió, gran aliado, pola súa grande responsabilidade coas políticas do estado nos momentos difíciles, tanto do Partido Socialista, como do Partido Popular. E... ben, fruto de que con posterioridade apareceu unha moción do BNG, creo que foi o día 26, sobre o mesmo tema, e a posteriori, apareceu unha moción do Partido Popular sobre o mesmo tema, que creo que é do 27. Hoxe pola mañán, dado que eran coincidentes en boa parte da resolución, mantivemos unha reunión os tres grupos para tentar axilizar o tema. Sobre todo tendo en conta que ían a estar os veciños de Mahía, e que o Pleno se ía a alargar. Sinto comunicar que soamente chegamos a un acordo co PP, que foi imposible o consenso co BNG, porque o obxectivo que nos marcabamos era o rexeitamento ao Plan de Axuste do goberno. E dentro da, obviamente, capacidade que ten calquera grupo, e neste caso o BNG, era o rexeitamento do Plan de Axuste do Goberno, pero tamén o rexeitamento das políticas da Xunta de Galicia. Nós entendíamos que era o momento, que é o que está a debatir todo o país, o rexeitamento ao axuste que o goberno vai a impoñer aos empregados públicos, aos pensionistas, á lei de dependencia, aos investimentos, e que apoiariamos outra moción diferente do BNG para censurar as políticas privatizadoras da Xunta de Galicia, pero que non era bó misturar churras con merinas. Bueno, unha vez rematada a reunión, refundimos a moción de Izquierda Unida, e o que traemos eiquí, é unha moción conxunta co PP, que vós entregamos pola mañán. Cremos que... e invitamos ao BNG aínda que non se sumou pola mañán ao voto desta moción, se poda sumar agora, dado que os puntos de discrepancia que poda haber cremos que non son moitos, en todo caso estamos dispostos a escoitalos novamente, para que, o importante, e é que lle chegue a Zapatero que non estamos de acordo co Plan de Axuste, poda ser aprobado neste Pleno. Polo tanto eu vou a invitar ao BNG a que... supoño que a lería con detenemento a moción, e dado que entendo que os puntos que van no acordo non deben de ter unha especial discrepancia con ningún dos mesmos, se sume. E aos concelleiros do grupo socialista, como fai Esperanza Aguirre, invitalos á rebelión, e que xa sei que non poden votar a favor, pero que polo menos se absteñan.

**Sr. Alcalde:** Ben, se abre un turno de debate, os grupos que queren intervir. Juan Domingo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido dí): Bueno, eu en primeiro lugar, quero celebrar dúas cousas, unha, que sexa posible nos tempos que corren que PP e Izquierda Unida podan chegar a consenso en certos temas de especial relevancia para este país. Algo que ao mellor fai algúns anos non era excesivamente entendible, pero eu creo que os partidos os facemos as persoas, e as mentalidades nas que estamos cada un de nós, e polo tanto ás veces hai que remar contracorrente, pero eu creo que buscar o consenso sexa onde sexa é positivo para que este país teña un novo futuro. E despois destes prolegómenos tan demagóxicos que

se soen dicir, celebro tamén como segundo punto, que Pilar puxera como exemplo a Esperanza Aguirre. Os tempos están trocando pouco a pouco. Bueno, en todo caso, certo é que pola mañán presentaremos tamén unha moción que puxemos ao consenso, para que os acordos foran o máximo de acordo por cada un dos grupos, e estabamos dispostos a ir a un consenso de mínimos, sacando do debate político cousas que cremos que non deben ser nestes intres... bueno, hai que levantar esa, esa manía a antepoñer os, e... bueno as consignas dos partidos antes que as realidades que vive este país. E polo tanto, certamente falamos con Izquierda Unida, Izquierda Unida participou de moitas das nosas cuestións que quixemos reflectir nun documento conxunto. Nós tamén, aparte do tema do axuste do goberno, e o decreto que presentou o goberno, facíamos mención tamén explicitamente ás medidas para solicitar que se convocase de novo a Comisión do Pacto de Toledo, na revisión para que... que se quite o debate político e da contienda política, e dependendo do momento crítico que teña un país, a garantía e viabilidade do futuro do noso sistema de seguridade social. Ese era o punto esencial para que nós viñesemos hoxe eiquí a, a presentar unha iniciativa. Non queríamos facer máis leña da árbore caída, nin vimos aquí a, a sacar a Zapatero de onde está. O único que queríamos facer era intentar cos grupos que estamos eiquí representados, pois sacar o mínimo que se desexa entre todos para que este país saia pronto da crise na que está. E polo tanto, eu me remito ao documento que estamos eiquí hoxe, supoño que se leran os acordos aos que se adoptaron, e polo tanto... e se non se len, pois ... se da por suposto que os lemos todos, e polo tanto van todos nese senso. Polo tanto esperemos que teñan un apoio e... bueno, por todos os grupos que están eiquí representados.

**Sr. Alcalde:** Juan, tes a palabra.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Bueno, creo que... todos aquí coincidiremos en que... a crise que se está a sufrir a nivel mundial, evidentemente non é algo exclusivo de España, nin por suposto esta crise a xerou Zapatero. A crise evidentemente, afecta a todo, a todo o mundo por igual, e como podemos ver, ou ler nos medios de comunicación, como os países da zona euro, Italia, Alemania, Francia, Inglaterra, están a tomar medidas similares, ou algunhas, ou en algunhos casos máis drásticas de, de contención de gasto público, e evidentemente a ninguén lle gusta nin de que lle recurten o salario, nin que conxelen as pensións, pero eu creo que tamén hai que ser xustos e que había que cando menos aclarar algunha, algunha cousa ¿non?. Eu quero recordar que o gasto en pensións dende o 2004 ata o 2010 neste país creceu algo máis do 51%. E se lé incluso nos medios de comunicación, non sei si con boa ou mala intención, de que as pensións baixan. E o que ocorre, o que vai a ocorrer é que se conxelan as pensións contributivas e se revalorizan as mínimas e as non contributivas ao IPC. E se conxela so a reva, a revalorización no ano 2010. Temos que ter en conta que no ano 2009 foi un ano de crecemento negativo do IPC e as pensións non baixaron. Se mantiveron, se mantiveron e nin se conxelaron siquera. Polo tanto se recuperou, ou se gañou poder adquisitivo con relación ao ano 2008. Dende o ano 2004 as pensións subiron con Zapatero un 30%. As mínimas con cónxuxe a cargo subiron un 24%, o seu poder adquisitivo. E eu creo que non se lle pode reprochar a Zapatero nada, porque creo que no tempo de goberno de Zapatero se lle pode reprochar que xenerar, xenerara un gasto público en defensa dos máis desfavorecidos, dos parados, dos pensionistas e dos dependentes. Evidentemente, como dixen ao principio da miña intervención as medidas de, de recorte, ou as medidas de axuste, ou as

medidas como se lle queiran chamar non son prato de gusto para ninguén, e eu creo que moitos dos que estamos aquí as temos que sufrir, e como dixeran ao principio da miña intervención tamén, nos país, nós países da zona euro se están tomando medidas exactamente igual que no noso país, e evidentemente en tempos de crise, eu creo que todos temos que arrimar o hombro.

**Sr. Alcalde:** Gracias Juan.

**Sr. Bouza Rey:** Bueno, eu soamente aclarar o, o voto do BNG. Vai a ser en contra. E como ten o BNG unha, unha moción despois desta, explicarei as exposicións e porque non chegamos a un acordo.

**Sr. Alcalde:** Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Si, bueno, hoxe descolocachedesme, tampouco pasa nada, porque tiña o traballo feito respecto ás tres mocións. Un recordatorio, e é que instáramos a todos, ou nos instáramos todos a que nas futuras mocións puideran presentarse con antelación xa pactadas. Digo para os que non estamos no rolo, pois que non teñamos o dobre traballo. Pero bueno, o fixen. Entón en vez de referirme á moción de Izquierda Unida por separado, e á moción do PP, eu me vou a referir á moción pactada, e dar a miña impresión, a miña impresión rápida ao respecto do mesmo, porque se me entregou a derradeira hora da mañán. Na exposición de motivos eu creo que hai unha cousa que é fundamental, e que é breve. Co cal non é sinónimo de que sexa bo, pero é breve. Polo menos non é engorrosa, que iso xa é unha virtude. E sobre todo marca na miña opinión, e isto si é moi positivo un xeito de facer política distinta e abre o camiño ao debate e ao pacto. E iso para min tamén é positivo. Tamén é positivo respecto aos acordos. Destacar o dito anteriormente, e é máis, onde se solicita que convoque o Pacto de Toledo para garantir a viabilidade do sistema da seguridade social. Eu creo que iso é moi importante. Propón ademais medidas que van encamiñadas a aumentar a recadación fiscal. E insta ao goberno e aos partidos políticos a tomar decisións conxuntas, tamén obviamente... e destaca a loita contra a economía sumerxida e o fraude fiscal. Isto é na miña opinión o apartado do positivo. Tamén creo, e dentro do meu coñecemento, que ten carencias, e unha delas importante, é que será no suposto de que o anterior non sexa suficiente. Eu creo que o importante non é que nos convirtamos agora mesmo nos parlamentarios, que non o somos e me parece que dos que están eiquí, dificilmente algún pode selo. O digo non pola talla de altura, senón por outra historia. Eu creo que o máis importante de todo isto é a chamada que os concellos deberamos facer á sensatez, ao espírito, e digo espírito dos Pactos da Moncloa, que creo que é o única xeito de loita contra esta complicadísima situación económica. En resumo, e dado o papel dos concellos eu creo que debería de ir encamiñado a presionar ás cúpulas dos partidos para que con coñecemento claro da situación se tomen este xeito de facer, o máis conxunta posible, e poder paliar as graves consecuencias que van a vir. E digo van a vir, porque quero hoxe manifestar eiquí, que a miña preocupación en que estas medidas lementablemente non van a ser suficientes. E iso xa é aínda moito máis preocupante. Por iso a necesidade imperiosa de que vos poñades de acordo para reclamar aos vossos xefes, entrecomillado, que eles tamén se poñan de acordo. Nada máis.

**Sr. Alcalde:** Gracias Fariña. Bueno, en todo caso, antes de darlle a palabra á poñente. Eu en todo caso a miña explicación de voto, que vai a ser en contra da moción, ven máis que nada, non polo, non polo fondo que persiga a moción, que evidentemente eu estou en contra dos recortes que practicou o goberno, neste caso. Aínda que si necesarios, pero si se poden buscar por outros sitios eses, eses recortes, e non, non o fixo. Posiblemente como dí Fariña, pois máis adiante os aplicará. Non o sei, como non o sei, a miña razón de votar en contra, dende logo é que neste caso o PP está pedindo algo que nunca fixo en beneficio dos traballadores.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): E... permítesme. En aras da rigurosidade, non é certo o que estás a dicir. É unha equivocación. Eu falei ou mencionei o espírito, non é, non é con outro... dos Pactos da Moncloa. Non estaba o PP, porque o PP non existía, pero estaba Alianza Popular. ¿Vale?.

**Sr. Alcalde:** Te recuerdo que eu estaba en contra dos Pactos da Moncloa. Ben si... péchase a moción.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Si, haber. Un par de cousas. Nós non nos trabucamos de aliados. E sabemos ben onde estamos, na esquerda. E sabemos que o Partido Popular está na dereita. Pero neste intre, primamos a necesidade de dicirlle a Zapatero que retire o Plan de Axuste, sobre a estratexia de Izquierda Unida, e a estratexia do Partido Popular. E... a exposición, ou os acordos, son como puidéchedes observar unha cesión por parte do Partido Popular e por parte de Izquierda Unida, buscando os puntos en común para o rexeitamento do Plan de Axuste de Zapatero. E polo tanto hai cuestións que o PP aceptou, hai cuestións que aceptou Izquierda Unida, e iso non significa que o noso voto, que neste caso vai a ser coincidente, pero sexa xustamente polos mesmos motivos. Porque agora cando diga, de onde nós reduciríamos os quince mil millóns que vai a reducir Zapatero, eu estou convencida de que Juan Domingo non lle vai a gustar, pero non vai posto na moción. Na moción vai posto que hai outros xeitos de reducir, primando esa resposta ao Plan de Axuste de Zapatero. E... nós sabemos que as medidas de... fiscais, non teñen un efecto inmediato, e polo tanto que había que buscar outras medidas para tentar de reducir o déficit. E en vez da tesoirada que pon Zapatero, como doutores ten a igrexa, e os técnicos en función do seu pensamento de esquerdas ou de dereitas fan un plantexamento, nós imos a asumir a portada de... do público, que é un periódico, na que dí, e ademais así o imos a plantexar, tres, tres mil cen millóns de euros no recorte nas partidas militares, incluídas a retirada de Afganistán, 6.750 millóns de eliminación do fondo de axuda á banca, 900 millóns de redución ás axudas á igrexa católica e ao pago dos profesores na educación pública da igrexa católica, que doutras non os hai, a supresión da exención dos premios de loterías 1.165 millóns, ou a redución dos cargos de libre designación que son 1.120 millóns. Pero é que a política social de Zapatero, levounos á supresión do imposto de patrimonio, que supuxo no ano 2007, 2.200 millóns de euros, que é xusto o que vai a recadar o goberno coa conxelación das pensións. Porque o voceiro do PSOE, eu creo que non con moito convencemento, decía: As pensións non se van a conxelar, non van a perder. Oiga mire, si o IPC sube no ano 2010, e as pensións salvo as non contributivas, se conxelan, os pensionistas perderían poder adquisitivo. Imos, eu creo que

branco e en botella é que os pensionistas perden poder adquisitivo. E despois, nos gustaría decirlle que no gasto social, que son datos de Vicenç Navarro, que é un catedrático de políticas públicas da Universidade Pompeu Fabra, e director do observatorio social de España, bueno de esquerdas, claro. Iso é unha cousa importante. É que o gasto público en España, é de 66.000 millóns de euros menos do que lle corresponde polo nivel de riqueza que ten dentro da UE dos quince. Porque supoño que non nos queremos, con todos os respetos para Etiopía, comparar con Etiopía. Polo tanto, nós fixemos este esforzo de entendemento co PP, lle pedimos a, ao Alcalde reflexión, porque si só é polo Pacto de Toledo, isa é a parte do Partido Popular, pero si é por min, eu estaría disposta a retirala, para que a moción fose aprobada no Pleno. En todo caso, non sei si fas a proposta formalmente para ti votala, pero senón, nós estaríamos dispostos a que se retirase, e entón a moción co teu voto poidera ser aprobada.

**Sr. Alcalde:** Gracias Pilar. Entón sometemos a votación a moción.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polos grupos municipais de EU-IU e o PP contra o Plan de Axuste do Goberno, e o Concello Pleno, por 5 votos a favor (3 PP, 1 IPM, 1 EU-IU) e 8 en contra (5 BNG, E 3 PSOE), acorda rexeitar a devandita moción.

## **8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO**

**Sr. Bouza Rey:** Bueno, como ben se dixo xa na anterior moción. Houbo un intento de chegar aquí cunha moción conxunta, e así como pois para o PP e para Izquierda Unida había temas irrenunciabes, pois para nós tamén os había ¿non?. Entonces, pois aínda pois deixando claro que sería... unha, unha moción conxunta con diferenciacións, como ben dixo Pilar, porque non coincidimos, estamos a mil anos luz, pois da política de dereitas que... sistematicamente gobernen onde gobernen está aplicando o PP ¿non?. Si Zapatero e malo, pois o que nos pode vir, podemos poñer tendas de campaña por aí. Entonces imos a poñer as cousas no seu sitio, e onde temos que aclarar a situación. Mirade, a moción do BNG con respecto a, á de, á de o PP e máis ao final a que pactaron Izquierda Unida, era que unha das medidas, pois que ministerios que xa están traspasados ás comunidades autónomas, pois que desaparezan. Esa sería unha medida que posiblemente estiveramos todo o mundo de acordo. Ministerios, si, si, Ministerios con competencias na Xunta... deputacións provinciais, que era unha da teima onde coincidían os dous en contra do BNG, pois tampouco o veían de que fora na nosa moción. Pero e... despois, no último, como os conceptos de país son diferentes, pois nós instamos a quen ten a responsabilidade tamén, como gobernantes, e como os nosos gobernantes, como os gobernantes de todo na Xunta de Galicia, que nestes momentos é o PP, pois que tamén ten que tomar unha serie de determinacións, porque no primeiro trimestre de 2010, Galiza foi a comunidade que máis subeu no paro. Claro, despois nos vemos nas manifestacións casi toda a esquerda, pois coincidindo no recorte dos servizos públicos, no recorte de funcionariados, no recorte de asuntos sociais. E aí si que nos vemos todos. E isa é a razón única e exclusivamente pola que o Bloque Nacionalista Galego non chegou a un acordo. E agora non vos vou ler toda a, a exposición de motivos, porque aquí si que aclara ben, aclara

ben o concepto e o que nos está pasando a parte do Estado no noso país, e vamos ler, pasar a ler os acordos. 1) Instar ao Goberno do Estado a retirar dun xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras. 2. Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas: a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais. b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro. c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recollendo as seguintes medidas: introdución dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatus xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra a fraude e a evasión fiscal. D) Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introducción dun imposto que grave os movementos especulativos de capital. E) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto das prestacións públicas. F) Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro. E o punto tres sería, Instar á Xunta de Galiza a: a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos. B) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego. Eu tamén fago un chamamento que os grupos reflexionen e que votemos a favor, e se pode ser por unanimidade moito mellor.

**Sr. Alcalde:** Ben, si algún grupo quere intervir. Pilar.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Si, haber. Eu creo que Bouza o explicou ben, somos tres organizacións diferentes e no BNG para o intento de consenso primou a súa condición nacionalista fronte ao rexeitamento do Plan de Axuste do Goberno. Loable, ben, nada que dicir, pero eu non son nacionalista. Pois será un defecto do animal, pero non o son. E creo ademais, que dende toda a lexitimidade que ten o BNG, neste intre o importante dado que ademais vai a haber mobilizacións moi importantes en contra do Plan de Axuste de Zapatero, era que chegara o telegrama da corporación municipal dicindo que non a ese plan de axuste. Eu lle dixen ao BNG, que o punto de instar á Xunta de Galicia a todos os males que fai, que eu comparto os males que fai, calificalos como males, que poderíamolo facer nunha moción conxunta, diferente á anterior. Pero non sei porque se empeinou en que tiña que ir na mesma. Porque poderíamos ter feito unha sobre o Plan de Axuste, e polo tanto sairía aprobada neste concello, e contribuíríamos a que os máis desfavorecidos non fosen perxudicados polo Plan de Axuste. E faríamos outra, que eu estou segura de que contaría co apoio do Partido Socialista, que falando incorrectamente era darlle un golpe ao Partido Popular, porque cambiaríamos as tornas. O Partido Popular votaría en contra e o Partido Socialista votaría a favor. Pero o dixen ao primeiro, eu creo que o de misturar churras con merinas, non, polo tanto nós volvemos a ofertar ao BNG facer unha moción conxunta para rexeitar a política educativa, sanitaria, económica, de emprego, é dicir, para impugnar a política do Partido Popular na Xunta de Galicia. E polo tanto aí nos atopará para criticar. Pero agora temos algo máis importante que é o Plan de Axuste de Zapatero. Eu creo que é unha bisoñez cortopracista

do BNG non quere lo dividir en dous, e polo tanto... eu si lle saca todo o anterior, e só é instar á Xunta de Galicia... pero como a outra non saíu aprobada vai a ser un pouco dificultoso.

**Sr. Bouza Rey:** Isto, isto é demasiado ¿eh?. Isto, imos a ver, vós fixéchedes unha exposición dunha moción, que eu non quixen entrar a debatir. Ía a explicar a nosa, a posición do BNG nesa negociación pola mañá, única e exclusivamente. Agora, non me trates de vender as churras coas meninas a min tampouco, nin ao BNG tampouco. Aquí hai unha cousa, hai unha moción encima da mesa, por exemplo, a de, a de Pilar, tamén ten que dicir que o de, o de a deputación provincial tampouco o veía. Si, si, na do BNG vai. Claro, iso tampouco o veías. Tamén tiñamos que retirar todo iso.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): non, non, eu haber eu...

**Sr. Bouza Rey:** E os Ministerios, porque o dos ministerios a tiña o do PP, imos a ver, que estou falando eu agora. A dos ministerios a tiña o PP e non vai. Entonces, aquí se chegou a unha negociación, e claro, de facer chamamentos, a de que reflexionemos nós, pois bueno, pois e, e, e que nos cansamos de reflexionar. E que de Piedrafita para aquí nos cansamos de reflexionar. E sempre nos toca bailar coa máis fea. E claro, si, si outros partidos non coincidides aí, pois por iso non estamos bailando xuntos. Porque ti estás nun partido e eu estou noutro. Claro, e o PP noutro. E nós, e, eu non me alegro de que... non é a primeira vez... igual que co BNG ¿eh?. Que se coincide, e iso ademais que ten que ser unha cousa sana. Eu xa vos dicía pola mañán aos dous, e ti me dabas a razón, de que efectivamente o voto desta moción, non ten nada que ver o do PP, co que pensa Izquierda Unida. Porque, porque era o que faltaba. Porque si a min, a solución aos males todos deste país, e a solución de Zapatero é que veña o señor... pois é que non, é que temos que buscar por outro lado, temos que buscar por outro lado. Porque iso é mentira, e os que padecemos, e posiblemente todos os de aquí, esas políticas, e sobre todo nas fábricas, apaga y vámonos ¿eh?. Entonces esa non é a solución, pero iso xa o deixaches, o deixaches claro na túa exposición da moción.

**Sr. Alcalde:** Bueno, imos a ver. Imos a seguir co debate máis sosegado si pode ser ¿eh?. E bueno, ten a palabra Juan, creo.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Bueno debemos, o debate debe ser sosegado porque creo que desgraciadamente nós dende aquí pouco podemos aportar. E... a moción do BNG, pois dende o grupo socialista podíamos coincidir coa maioría dos puntos, evidentemente non estamos de acordo co punto un, posto que aínda, aínda que as medidas a tomar non son de gusto de ninguén, como dicía Fariña, ogallá que soio señan esas as medidas que hai que tomar. E unha vez máis recordar que ao mellor as pensións, ou as pensións senón suben no ano 2010, no 2009 o IPC foi negativo, e en cambio as pensións si subiron. E polo tanto, como non estamos de acordo no punto un, pois e... non podemos apoiar a moción.

**Sr. Alcalde:** Gracias Juan. Juan Domingo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido dí): Bueno, eu vou a ser moi breve, en primeiro lugar porque hai outros temas que considero que son de máis importancia agora mesmo, nos

que nós si podemos dar unhas solucións, e neste desafortunadamente coincidimos que non, polo menos dende eiquí non podemos facelo. E polo tanto non me vou a plantificar defender a PPfobia, nós non metemos a crise neste país, e polo tanto eu creo que non hai que defender nada. Fundense vostedes soos. Polo tanto eu creo que non temos nada que defender aí. E... de tódolos xeitos, o que si temos que dicir é que a min me chama a atención que eu me sinto, me sinto bueno, un pouco sorprendido porque bueno, estamos acostumbrados a que... bueno a que aos compoñentes do PP se nos e... se nos dogmatice en certo sentido como os malos da película sempre. Somos os indios da película, pero neste caso os que disparan son os vaqueiros. E dispararon fora do testo bastantes veces. En todo caso, o único que fixemos dende eiquí, por responsabilidade, non por defender a ninguén, foi acudir á chamada dun grupo municipal, que dista bastante da que é a ideoloxía do noso. Pero eu creo que, o que nos une é máis importante que o que nos separa. E polo tanto, ise é o papel que temos que xogar a xente que polo menos nacemos nunha democracia e que temos unha mentalidade aberta. A pesar, ben, a pesar de que ás veces se nos queira poñer na dereita preconstitucional moitas veces. De tódolos xeitos lles podo asegurar que moitos de nós temos mentes máis aberta e moito máis moderna que moitos dos que están hoxe sentados eiquí. Pero bueno, ise é outro debate para outro, para outras cuestións. En todo caso, eu o único que, ao único que nos referimos é a que nós acudimos a tentar de chegar a acordos. Porque para chegar a desacordos, este concello sabe moito, e polo tanto non estamos eiquí para xerar máis conflito ao conflito. Vimos a aportar solucións, e nesa liña o PP está traballando sempre, en aportar solucións. Logo se verá como. En todo caso, o que si é verdade, se acudiu, Izquierda Unido fixo un plantexamento sobre mínimos, sobre as cuestións que todo o mundo sabe, e é a de que o decreto non gusta, e punto. E nós estamos de acordo neso e punto. Agora ben, o BNG se sentou e dixo non un intre, nós para aceptar isto temos que abandonar, poner que a Xunta de Galicia, instar á Xunta de Galicia a abandonar a súa política de destrución. Mire vostede, eu non podoo aceptar iso. A min se me piden cousas como que diga eu que, que Fei... que Mariano Rajoy é un inútil. Como vou a dicir isto eiquí. E que veñen vostedes a facernos uns plantexamentos que como mínimo, como mínimo e, e, son un insulto á intelixencia. E polo tanto, como non estou disposto a manter un debate ideolóxico sobre intelixencia con xente desarmada, non vou a facelo. E polo tanto, o único que quero para zanxar a cuestión é, eu apoiaría absolutamente toda a moción do BNG, aparcando a BNGfobia, que non a teño, porque é importante saber de quen veñen as cuestións, e quen da as razóns, e non de quen veñen. Se é un tema interesante se apoiou diga quen o diga, non porque o PP... antes de que comezamos a falar xa estaban vostedes en contra, e non sabían o que íamos a dicir. Eu escoiteinos, e estaba disposto a aceptar a moción casi no seu conxunto. Miren vostedes ata que punto somos nós de mente arcaica, como nos queren poñer ás veces. O certo é que claro, non podemos consentir que vostedes nos insulten, ata aí podíamos chegar. E eso é exactamente o que fixemos, defender... defendernos do insulto. O resto, votaríamos a moción a favor, a favor. Pero claro, ata aí poderíamos chegar. Polo tanto eu non quero facer máis e... debate sobre cousas que non son interesantes para min, ou para o noso grupo. Creo que debemos pasar o tempo noutros que si importan máis, e polo tanto eu vou a zanxar a materia porque non ten máis que dicir.

**Sr. Alcalde:** Gracias Juan Domingo. Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Si, perdón. Primeiro un pouco referirme á moción do BNG, e logo dar dúas pinceladas froito do debate que houbo ao respecto. Empezar dicindo que a moción do BNG ten outra sensibilidade, e polo tanto me parece correctísimo, correctísimo politicamente falando que non quera facer algo conxunto, porque o que lle diferencia fundamentalmente e ese tipo de sensibilidade. Pero, das cousas que plantexa o BNG, quero resaltar algunhas, algunhos temas. A primeira é que o tema dos recurtes sociais aprobados polo goberno do estado, é para o conxunto do estado, tamén para Galicia. Polo tanto sería bo que o de Galicia tamén se falase noutro intre. Pero como claro, é evidente de que como nacionalistas, unha parte fundamental da súa moción ten que ser así, e polo tanto na parte expositiva como na resolutiva adican bastantes liñas á Xunta de Galicia. Na mesma moción se dí que se debe de impulsar a austeridade e o gasto público, e o vincula a adelgazamento da estrutura administrativa do Estado. O que significa que desaparezan ministerios que teñan cedidas competencias ás comunidades autónomas. E eu estou de acordo en que deben reducirse, non suprimirse, porque para min, que non son nacionalista e non milito en ningún partido, son, é un factor corrector aos desmanes que calquera comunidade poidera cometer. E polo tanto eu si creo que hai que reducir drasticamente algunhos ministerios, pero non obviamente desaparecer. No referente á supresión das deputacións, estou totalmente a favor, totalmente a favor. É máis, quero facer un recordatorio, cando loitabamos, eu xa son vello, polo estado das autonomías se lle dicía aos cidadáns, e era un argumento de peso que os gastos que ían a vir derivados das autonomías, ían a ser paliados en gran medida coa desaparición das deputacións. Isto é certo. Pero tanto nun caso como noutro, eu quero dicirlle ao BNG que é sorprendente, porque rematan de ser goberno fai moi pouquiño, e isto non o dicían cando eran goberno. Eu o dicía antes, e o sigo manifestando agora, e estou de acordo con esa teoría. Por outra parte eu creo que a realidade é que o BNG está noutra tesitura, porque cando se lle chama ir á rebelión social contra o gran capital, eu creo, foi o que fixo o seu líder, chamou o mércores a unha revolución social contra o golpe de estado do gran capital que se da contra a democracia e o modelo social europeo. Tamén falou, me parece lembrar, da caixa de aforros, e respecto a Zapatero dixo que non é cuestión de trocar o entrenador senón o sistema de xogo. Ese tipo de declaracións, compañeiros, e amigos do BNG ponme intranquilo. Sinceramente volo digo, levo moitos anos en política, dende neno, e poñenme intranquilo, porque entre outras cousas o primeiro que me trae son dúbidas. Saudo que o modelo social europeo sexa un camiño, e estemos de acordo nelo, saudo. Non o era ao primeiro para o BNG. Polo tanto, co tempo gañamos algo. A segunda, e... significa, que é o que significa un troco de sistema de xogo. É que quedome, quedome descolocado. Pero ¿hai outros sistemas de xogo?. Pois que o diga, eu crin que ía a ser a parte expositiva do voceiro do BNG pero foi pouco locuaz, nada máis que leu catro liñas e listo. Eso si méteme, meteme medo que se crea que hai outro sistema de xogo. E por derradeiro, aínda que me vou a estender un pouquiño máis, e logo comprenderedes porque é a razón, o que se refire o señor, á, ás caixas de aforros, e os problemas que temos en Galicia. E eu creo que é moi importante a conferencia que deu o outro día o escritor Alfonso García López, notario de profesión, e ademais está premiado pola Xunta polos seus traballos sobre os orixes da banca galega, e dí entre outras cousas, que os montes de piedade foron os constitutivos desa, destas caixas de aforra, de aforro, e que foron os primeiros inicios da igrexa e outros colectivos sociais moi diversos. E que naceron fundamentalmente pola necesidade da loita contra a usura. E esa concepción da loita contra a usura, formou, formou e forma parte dos estatutos

fundacionais que en 1876 se chamou Caixa de Aforros e Monte de Piedade da Coruña. Que se define por ser un establecemento benéfico e humanitario, que funcionando dentro da moral atende as necesidades do pobre, ofrece beneficios módicos e seguros a todas as clases traballadoras etc, etc. Aquela entidade naceu con préstamos do 6%, que contrarrestaban as do 60%, 60% de tipo anual dos prestamistas. Este historiador, xa digo, premiado pola Xunta de Galicia, se pregunta que queda de todo aquilo, e afirma él mesmo, que moi pouco. Na súa opinión unha caixa non se diferencia dun banco. Está certamente a obra social, iso o admite él, pero os bancos teñen fundacións, e ademais engade que hai unha singularidade, e é que hoxe ninguén sabe de quen son as caixas de aforros. Soltei este rolo, habitual en min, pensando en que como por Lugo pasa o Miño, pois dixeran o que tiña que dicir. Para sacar unha conclusión, sinxelamente unha conclusión. A preocupación no tema económico e neste tamén, está no poder político adm... económico dos chamados, ou mal chamados dechechos, desechos ou, ou segundones dos partidos. Aí, é tamén onde ten o estado, Zapatero agora, o que veña, despois, que meter man suficiente como para que aí tamén os aforros veñan. Como punto final quero dicir que, sinceramente calquera das tres mocións en orixe, das dúas mocións despois, e o mesmo votar si, non ou absterse. O importante na miña opinión, e que aprendéramos a lección sobre todo vostedes, que aprenderan a lección, e forzaran aos partidos a poñerse de acordo nas medidas que se deben de tomar. Medidas que necesariamente teñen que ser conxuntas, pactadas, para sacalos desta situación. Cuestión que lamentablemente son non optimista. Nada máis e moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Gracias Fariña, en todo caso teño que dicir que... comparto moitísimo o das cousas que acabas de dicir con respecto a... aos temas de debate de hoxe neste, neste Pleno, si, si.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Aparte de agradecerche xa de antemán que coincidias en moitas cousas connigo, hai dúas cousas que a min me preocupan e que dixeran que o ía a dicir. E unha é que home, eu creo que neste tipo de cousas non é bo argumentar que se está en contra... que non se está en contra polo fondo, senón pola forma. Nun tema económico de gran magnitude, do que estamos a falar, certamente é complexo. E a outra, amigo, compañeiro e voceiro Bouza, é que... díes que de reflexionar se cansa. Eu creo que foi Sócrates, pero non o sei moi ben, o que dixó que reflexionar era bo. Sigue reflexionando que é bo, é bo, e é conveniente. Nada máis.

**Sr. Alcalde:** Gracias. Bueno en todo caso, a pesar de que o problema que se trouxo aquí hoxe ao pleno é un problema onde hai un debate social na rúa constantemente, que xa vai tempo que se ven debatindo ¿non?, da situación de criste que está pasando o estado español, ou o país como lle queirades chamar. E... e bueno, creo que os partidos pois son libres de presentar mocións no sentido que consideren oportuno presentala para denunciar esta situación. E... o BNG presentou unha moción, igual que Izquierda Unida, igual que o PP. Tratou de buscar un consenso, non foi capaz, e non debe haber máis debate, non fumos capaces ou tal... pois non se foi capaz polas razóns que sexan, e cada, cada grupo debe de presentar e defender a súa moción. E... e si se quere traer outra moción por parte de calquer grupo dos presentes aquí para denunciar a política que está levando o PP, é libre de traela cando queira. O BNG considerou que neste momento había que criticar tamén a Xunta de

Galicia, neste sentido, porque a crise non afecta soamente do, do, de Piedrafita para abaixo. Afecta de Piedrafita, pero tamén aquí en Galicia. E polo tanto, o partido do goberno de Galicia, ten que tomar medidas tamén. E logo, cando se refería, para quitarlle un pouco de ferro á cousa ¿non?, porque unha vez se está aquí, tamén hai que dicir cousas para quitarlle ferro, que non entendía moito Fariña o cambio de sistema, tal, de xogo, eu creo que había que preguntarlle Pelegrini ou a Guardiola, haber si, si hai outra clase de, de clase de xogo. ¿Eh?. Bueno, pero digo en materias deportivas habería que preguntarlle a Pelegrini ou a Guardiola, que eses si que saben de, de cambios de xogos. Bueno, en todo caso... ¿eh?. Bueno, eu son moi machista, o recoñezo. Eso si. Pero bueno, non debe darse un debate agrio sobre unha cousa que a sentimos todos. Que é o tema da crise, e polo tanto non debe haber eses roces aquí, porque nos afecta a todos, e polo tanto todos debemos de... de estar nesa dirección. Bueno, pois dito esto sometemos a votación a, a moción e pasamos a outra cousa.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG contra os recortes sociais aprobados polo goberno, e o Concello Pleno, por 5 votos a favor (5 BNG) e 8 en contra (3 PP, 3 PSOE, 1 IPM, 1 EU-IU), acorda rexeitar a devandita moción.

## **9.- MOCIÓN RELATIVA Á “URBANIZACIÓN PAZO DAS CONDESAS”, ASUMIDA COMO PROPIA POLO SR. ALCALDE E OS GRUPOS POLÍTICOS.**

**Sr. Alcalde:** Vou a dar lectura ao escrito presentado polos veciños, e logo como é preceptivo no regulamento do Concello se fai un recesso, e se algún veciño quere intervir, pois pode intervir ¿eh?. ¿Eh?. Claro. Entón, é un escrito dirixido ao Concello de Mugar dos, Excmo. Sr. Alcalde de Mugar dos, a Asociación de Veciños O Baño e na súa representación Carlos Fernández Coba, con DNI 32.596.025-B, en calidade de presidente, presenta unha moción (en todo caso presenta o escrito) para o seu debate no próximo pleno municipal relativa á “Urbanización Pazos das Condesas”. Excelentísimo Sr. Alcalde, Concelleiros/as e grupos da oposición: Diríxome a vostedes en representación dos/as propietarios/as e veciños/as da urbanización “Pazos das Condesas”. Esta urbanización empezouse a construír hai xa case unha década por un acordo entre este concello e o promotor Construcciones Mahía S.A. Esta urbanización atópase na actualidade cunha ocupación de habitantes moi importante e coa perspectiva dun notable aumento nos próximos anos, todos nós veciños/as deste Concello que como tales abonamos todos os impostos e recibos pertinentes; considerámonos e queremos ser recoñecidos/as como veciños/as de Mugar dos de pleno dereito. Algúns xa o éramos e outros elixiron este precioso pobo para vivir, pasar vacacións ou gozar da súa xubiliación en datas futuras. En definitiva, investimos os nosos aforros na compra dunha vivenda que forma parte dun proxecto urbanístico avalado por este Concello e ao cabo dos anos estámonos a atopar cunha grave problemática da que somos os primeiros afectados e da que non somos responsables. Precisamos as cédulas de habitabilidade ou primeira ocupación, precisamos a limpeza de rúas e xardíns, precisamos boas instalacións de recollida de residuos e por iso, Sres. e Sras. Concelleiros/as, precisamos que atendan as nosas demandas, que nos manteñan debidamente informados/as, que faciliten a nosa representación nos contactos coa promotora e que nos respecten e protexan como cidadáns que somos deste pobo. Somos

conscientes de que existen problemas derivados de incumplimientos por parte da empresa promotora, pero tamén de que os gobernos municipais durante estes anos non puxeron o suficiente interese para que a obra se desenvolvese segundo o plan acordado e permitiuse a realización de instalacións que agora se poñen como trabas para legalizar a urbanización. E finalmente, quen máis padece esta situación somos os/as veciños/as. E manifestamos que os veciños/as da dita urbanización estamos dispostos a loitar polos nosos dereitos ata conseguir a regularización da urbanización e facer que se nos respete como Mugardeses que somos. Por iso pedimos que se tomen os seguintes acordos. Por todo iso, acordamos pedir ao actual equipo de goberno e aos grupos da oposición amparo ante o abandono de servizos e mantemento da urbanización e que dunha vez por todas se poñan dacordo nas diferenzas co promotor para conseguir a entrega parcial ou total da obra. Solicitar ao actual grupo de goberno que nos facilite copia de toda a documentación das actuacións sobre a urbanización. Que facilite a participación de unha representación da nosa sociedade “O Baño” en todas as negociacións con a promotora. Que teña unha comunicación fluída con os veciños/as afectados. En definitiva que poña toda súa influencia e capacidade para resolver esta problemática que padecemos os veciños/as da urbanización “Pazo das Condesas” sin que suframos máis agravios e inxustizas. Moitas grazas. Carlos Fernández Coba. Presidente da A./VV O Baño. Bueno, entón facemos un, facemos un receso e...

**INCIDENCIA:** Faise constar que nestes momentos, sendo as 21:15 horas, faise un receso, reanudándose a sesión ás 21,18 horas, a din de que interveñan os veciños/as asistentes, e intervindo o sr. Presidente da A./VV O Baño.

**Sr. Alcalde:** Ben continuamos co desenrrolo do Pleno. Ben, non sei si queredes falar sobre o tema. Non hai ningún problema se queredes falar ¿eh?.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Si, haber. Eu creo que é un tema de procedemento. Eu votei a inclusión dunha moción dos veciños, moción, non un escrito. Que votamos a urxencia dun escrito. Porque si é un escrito eu creo que non corresponde.

**Sr. Secretario:** Precisamente o sr. Alcalde manifestou que facía súa a moción que presentaban os veciños, como escrito de él. Como escrito de él e dos grupos.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Non, pero imos a ver home. Si votamos a urxencia porque...

**Sr. Secretario:** Para incluílo na orde do día.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Rafael, si votamos a urxencia, non imos a votar a urxencia dun escrito. Eu manifestei ademais que apoiaba a moción, e polo tanto a urxencia dos veciños de Mahia. Un segundo, un segundo.

**Sr. Secretario:** Faise un escrito, e preséntase como proposta. Foi o que entendín eu. O sr. Alcalde...

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Ti o asumes, haber ti a asumes como propia. O Alcalde.

**Sr. Secretario:** O sr. Alcalde, o sr. Alcalde fai súa, fai súa a... o escrito.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): A moción a asume como propia, o Alcalde.

**Sr. Secretario:** O escrito dos veciños o fai como propio, e o presenta como proposta pola vía de urxencia ao Pleno, para tratar o asunto da urbanización de Mahía. Así o entendín eu.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Pero imos a ver. E se debate esto.

**Sr. Alcalde:** Claro.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Entón non pasamos á orde do día. Se debate esto.

**Sr. Alcalde:** Entonces non che estou dando a palabra para debatir.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Pois xa está.

**Sr. Alcalde:** Creo que está recollido en acta, que lle preguntei a cada grupo, que si querían intervir sobre este tema, podían facelo.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Pois imos a debatir.

**Sr. Alcalde:** Aquí non se está...

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Se debate a moción.

**Sr. Alcalde:** Aquí non se está quitándolle a palabra a ninguén.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Non, non. Se debate a moción.

**Sr. Alcalde:** A moción non, o escrito.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): O escrito. É unha nova modalidade. É unha nova modalidade.

**Sr. Alcalde:** A propos... haber, a proposta que presentei eu a Pleno ¿eh?, e sobre o escrito.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Bueno, imos ao que...

**Sr. Alcalde:** E igual muller, veña.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido dí): Imos ao que interesa. Bueno, pois nós temos unha intervención longa. E... xa sabemos que son as nove e media e que estades esgotados. Pero despois de dúas horas e media de esperar a que chegue o voso orde do día, parece que cando menos merecedes algún tipo de intervención que vaia máis aló do apoio sen debate da moción. Entón nós imos a situar, non no pasado, o imos a situar no presente o debate sobre Mahía. En todo caso no segundo turno si é necesario iremos ás orixes, incluso. Pero agora o imos a situar a partir da reunión do 12 de maio que se deu no Concello de Mugaros coa asistencia do Alcalde, o concelleiro de urbanismo, as técnicas municipais, e o arquitecto Francisco Javier Amenedo como representante de Mahía Inmobiliaria. E só nos imos a retrotraer nalgunha parte da intervención, a un informe do 11 de agosto do ano 2003, sobre unha visita que realizaron os técnicos municipais, naquel intre Julio Barallobre, arquitecto asesor, e Carmen Piñeiro, no ano 2003. e imos a facer referencia ao informe das técnicas municipais neste intre Olga Frá e Carmen Piñeiro Lemos, do 27 de xaneiro, ao igual que moi sucintamente ao informe do secretario sobre a posibilidade de recepción parcial do 12 de abril. E... imos a ir punto por punto analizando cales son segundo os informes, os motivos polos cales non pode ser recepcionada a urbanización. E temos que no informe sobre os usos do plan, do Plan Parcial, aparece en primeira parte os centros de transformación. No propio informe dín que existen tres centros de transformación. Dous situados en zonas verdes públicas, e un nunha parcela privada. O que está na parcela privada, segundo as conclusións da acta da reunión do día 12 de maio, entre o grupo de goberno e a técnicas, non o vou a voltar a repetir cada vez que me refira á do 12 de maio é esa reunión, non plantexa ningún problema. En canto aos dous que están en parcelas públicas, co primeiro, o representante de Mahía propón trasladalo ao edificio en construción ARM.4, ubicándose en zona privada. Polo tanto en principio non plantexaría ningún problema xa que estaría en zona privada, ao igual que un dos que xa está instalados. En canto ao segundo, as técnicas estudarán a viabilidade de soterralo, e outra posibi... dado que na Ordenanza D, zonas verdes e espazos públicos, é un uso permitido baixo rasante. A Ordenanza D, para aclaralo, dí: Baixo rasantes admite a ubicación de instalacións e servizos comunitarios, entre paréntesis centros de transformación etc, etc, cunha ocupación máxima do tres por cento da superficie. E un tema que está fora da acta, que é a previsión de cobro do canón por empregar o subsolo público, ao noso entender debería recaer sobre Fenosa. En función da nosa ordenanza municipal de aproveitamento lucrativo de solo e subsolo público. E non sobre os veciños ou sobre a promotora, como se manifestou na Xunta de Voceiros como unha posibilidade. Ao igual que o resto que están instalados no termo municipal de Mugaros en solo público, e que dan servizo aos veciños de Mugaros, e dado que os veciños de Mugaros... os de... os que viven na urbanización de Mahía tamén son veciños de Mugaros, entendemos que o canon teno que pagar Fenosa. En canto á antena, está situada na banda de aparcamento da parcela pública EQ.ES, en vez de na parcela privada de servizos técnicos, xustificando Mahía o troco por problemas de visibilidade. O representante de Mahía nesa reunión se compromete a estudar o seu desprazamento, ben á parcela de servizos técnicos, onde non disporía de visibilidade, e sería próxima ao prazo, ao Pazo, ou ben á zona ARU5B, e facer unha proposta, en días, ao

Concello. Bueno, dicir que neste caso os grupos da oposición na medida de colaborar presionando a Mahía, enviámoslle un escrito asinado por todos, solicitando que os días pasan, e a proposta debería de estar xa no Concello de Mugaros, para o seu estudo e viabilidade técnica e legal na ubicación proposta para Mahía. Polo tanto que cumpra o seu compromiso da reunión do día 12, e que axilice o estudo para a nova ubicación, que tiña que enviar Mahía, e que nós nestes intres non temos coñecemento de si atendeu ao requerimento ou non. C) O depósito de gas ubícase na parcela EC, destinada a equipamento comercial. A esta cuestión reflectida no informe das técnicas do 27 de xaneiro de 2010, non se fai referencia na acta da reunión do 12 de maio. O que non chegamos a entender, é que como estando reflectido no informe das técnicas municipais, non se tratou na reunión cos representantes de Mahía. Dende o noso grupo municipal, entendemos, salvo mellor criterio xurídico informado polo secretario, que non sería compatible cos usos permitidos na ordenanza C, zonas dotacionais edificables. E que a súa ubicación correcta sería na zona de servizos técnicos, tal e como aparece reflectido no informe asinado por Julio Barallobre e Carmen Piñeiro a raíz da visita de inspección realizada o 11 de agosto do 2003. No d) a pista polideportiva non se atopa no espazo adicado a equipamento público deportivo, ED, invadindo zona pública. Ó día 17 de maio, os grupos municipais solicitamos un informe xurídico do secretario do Concello para ver a compatibilidade da ubicación da pista polideportiva coa Ordenanza D, que sería a de zonas verdes e espazos libres públicos. Na mesma ordenanza recollese textualmente, “Como excepción, e previo acordo municipal, poderá empregarse a instalación permanente de elementos de ornato, templetos ou kioscos de música, ou complementarios ao uso de zonas verdes, escenarios de teatro ao aire libre, pistas de bailes descubertas etc.”. No plan parcial no apartado 2.5 Normas de Urbanización, no artigo 31, referente a parques e xardíns urbanos, no apartado 2 indica: “Cando a extensión e as características o aconsellen admitirán instalacións complementarias de... destinadas ao xogo de nenos ou á práctica deportiva, ou pequenos pavillóns culturais políticos”. Se a excepción marcada na zona D da cobertura legal, e así o reflecte o informe do secretario, aínda que a pista polideportiva non coincida coa grafiada como equipamento deportivo no Plan Parcial, e ocupe parte da zona ZVPU.6, pola nosa banda, e coa realización dos trámites necesarios, estaríamos dispostos a apoiar esa solución. Si o informe do secretario indica que a excepción marcada na ordenanza e o reflectido nas normas de urbanización non da cobertura legal, entón teríamos que indicar a Mahía que realice as obras necesarias para ubicar a pista tal e como ven grafiada no Plan Parcial. E non nós esquecemos de que falla por executar as gradas da pista polideportiva tal e como ven recollido no reformado do proxecto de urbanización. E polo tanto cumprir o executado. Como ben se indica na acta do 12 de maio e recollido no informe, tras inspección do 11 agosto de 2003. Sobre as alineacións e a rede viaria, respecto ao computo das prazas de aparcamento, as técnicas nesa reunión aclaran que se pospón a súa comprobación ao informe que están elaborando sobre a execución da urbanización. Dende Izquierda Unida queremos deixalo claro dende xa. Esiximos o cumprimento do contemplado no Plan Parcial, é dicir, 373... 377 vivendas, sendo necesario efectuar unha reserva de praza de aparcamento por vivenda, na superficie de cesión obrigatoria. Na zona de equipamento é obrigatoria unha dotación dunha praza por cada 80 metros cadrados de construción, o cal supón unha dotación de 24 prazas. Polo tanto o total de prazas necesarias é de 401, das cales 8 serán adaptadas. A comprobación do cumprimento en canto ao número de prazas de aparcamento está pendente do informe das técnicas do departamento de urbanismo, polo tanto solicitamos axilidade. B) respecto do

cruce, entrada entre a estrada da Palma e o camiño do Baño, según o informe das técnicas non está resolto con glorieta, tal e como figura no refor... no reformado do Plan Parcial, e no reformado do proxecto de urbanización. Na acta do día 12 de maio o representante de Mahía dí que poden executala tal como veñen recollida nos documentos asinados. Si este asunto é así e cumpre, polo tanto por nós estaría resolto xa. No c) no respecto aos estados de viais e zonas verdes a acta do 12 de maio recolle que o representante de Mahía se compromete a entregar ao concello os acabados en bó estado. E respecto das zonas privadas, nesa acta do 10 de maio, recollese que o representante de Mahía dí que dúas xa foron entregadas aos veciños e que a terceira queda como propiedade de Mahía. Respecto ao material da senda, na acta do 12 de maio, dende o concello indícase que debe axustarse ao previsto no reformado do proxecto, ou xustificarse sempre que non haxa unha merma nas calidades. Bueno, no informe realizado trala visita da inspección do 11 de agosto do 2003, xa queda reflectido que se atopa parcialmente executada aínda que non se corresponde co determinado no Plan Parcial, no plano U5, e definida como pedra granítica abujardada de catro centímetros. A día de hoxe cabe preguntar si os compromisos que o grupo de goberno adquiriu na reunión do 12 de maio se cumpriron, é dicir, ¿está o informe polo miúdo das técnicas sobre a urbanización realizado?. Gustaríanos, e xa para rematar, destacar os elementos coincidentes do informe das técnicas do 27 de xaneiro do ano 2010, co informe do 11 de agosto do ano 2003, e polo tanto das cuestións que se debatiron na reunión do 12 de maio. Os puntos coincidentes son, centros de transformación, antena, depósito de gas que non se debateu, o material da senda da estrada da Palma, a glorieta, as gradas da pista deportiva, naquel informe non se facía mención á ubicación pista e á invasión da zona verde, as zonas verdes públicas, que no informe do ano 2003 indicaba xa que se atopaba sin, sin executar, excepto os bancos, pero que estes non se axustaban ao determinado no proxecto. O estado dos viais, que xa se facía referencia no ano 2003 aos aparcadoiros, ao ancho da rúa das beirarrúas, que xa se facía referencia no informe do 2003, que incumpren calquera normativa xa que existen zonas cun paso de menos de corenta centímetros e pendentes excesivas, recollido no informe de 2003. Polo tanto poderíamos concluír que a día de hoxe e coa información coa que conta o noso grupo municipal o informe das técnicas non arroxa nada novo sobre o informe redactado no ano 2003, despois de varios meses de traballos intensivos, indo todos os mércores a visitar a urbanización do Baño. E por derradeiro, dende o grupo municipal de Izquierda Unida, reclamamos que o informe polo miúdo das técnicas conteña como mínimo o que incluía o informe do 2003, que era sobre a cimentación e estruturas, saneamento, abastecemento, a electricidade, a rede de gas, a pavimentación, pinturas e sinalización, xardinería, mobiliario... en fin, todo o que ten que cumprir Mahía sobre a posibilidade de recepción da urbanización.

**Sr. Alcalde:** Gracias Pilar. Podes.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Bueno, vou a ser moito máis breve que Pilar. Xa ela pormenorizou todos os expedientes e informes de, informes dos, das técnicas, e as deficiencias que contén a, a urbanización. Eu como digo, vou a ser moi breve, e quero, quero simplemente comezar dicindo dunha nota de prensa que saeu recentemente onde o goberno acusa á oposición de intentar intoxicar aos propietarios da urbanización de Mahía. E logo remata, non a vou a ler toda, Barcia entende que deben existir intereses ocultos detrás das intencións da oposición. Ben, eu quero dicir que o único interese que temos todos os partidos

da oposición, quero pensar e creo que así é, o grupo de goberno son os intereses neste caso dos, dos veciños de Mahía, e os veciños de calquer urbanización, ou que teñan calquer problema dentro do concello. É o único interese que temos nós. Dende os grupos da oposición, o manifestamos reiteradamente, non pretendemos que o goberno municipal recepcione unhas obras en condicións ilegais. Que tampouco queremos que vaia preso o Alcalde. O único que pretendemos é que as cousas se arranxen en base á legalidade. E en función diso, pedimos dende hai tempo, documentación e informes técnicos, para deste xeito poder valorar, dar a nosa opinión, e entre todos, grupo municipal, grupo de goberno, oposición e veciños de Mahía poder buscar unha solución a un problema que leva estancado varios anos. O digo sinceramente, eu creo que o xeito de proceder tanto dos veciños da urbanización como dos grupos da oposición, eu creo que non pode ser máis correcta. O único que pretendemos é colaboración co grupo de goberno, pretendemos que entre todos arranxemos o problema, e como digo, dun xeito creo que máis responsable imposible. E simplemente vos vou a, a ler moi estractadamente unhos escritos que solicitamos ao Concello para que vexades que o único que queremos é información. Porque senón estamos a cegas. Mirade, o 27 de maio os grupos da oposición presentamos un escrito onde decimos entre outras cousas, solicitamos que o compromiso asumido por vostede na reunión en canto ao estudo do desprazamento da antena situada na banda de aparcamento da parcela pública EQ.ES se materialice no prazo comprometido, é dicir, nun prazo de días, para que non se volte á situación anterior de paralise total. Isto é dirixido a Mahía Inmobiliaria. Noutro escrito dirixido a... pedindo un informe do secretario, se aborda que a ubicación, e... solicitamos dispor dun informe do secretario do concello no que se defina a compatibilidade e legalidade da ubicación actual da pista polideportiva en zona ZV.PU.6 en base a Ordenanda D, e aos usos permitidos da mesma. O mesmo 27 de maio, dirixido ao, ao Alcalde e... os portavoces dos grupos da oposición solicitan se nos faciliten os expedientes ás licenzas de obra dos centros de transformación instalados por Fenosa na urbanización Pazo das Condesas promovido por Mahía. E acabamos de ler unha moción, ou un escrito, como se queira chamar, onde os veciños solicitan nin máis nin menos que se facilite a copia da documentación. Que se, que se facilite a participación dos veciños. Que teña unha, unha comunicación fluída os veciños co goberno municipal. Quero rematar dicindo que a urbanización, polo que sexa, que eu creo que non vamos a entrar en debate porque si ou porque non, levaba parada, estancada, sin resolver durante moitos anos. Ben, pois eu creo que gracias a un impulso que se lle dou dende a oposición, dos grupos da oposición, e, e a colaboración dos veciños, pois recentemente o día 12 de maio se produxo unha reunión neste concello, entre o Alcalde, o, o, o portavoz de, de, do grupo municipal do BNG, os técnicos, os técnicos municipais, unha, unha representación de Mahía, onde se abordaron os temas referentes á Urbanización do Pazo e... Pazo das Condesas. E se asinaron unhas, unhas... un documento cunhas conclusións que agarde, agardemos que sexan o primeiro paso para que dunha vez por todas se vaia resolvendo dun xeito definitivo tódolos problemas que hai hoxe en Mahía. E vou a re, re, rematar dicindo unha vez máis que creo que dende os grupos da oposición, os veciños e o grupo municipal, deberíamos camiñar xuntos, deberíamos remar todos na mesma dirección, para que a urbanización máis lentamente, máis, máis rápido, pero que non se pare e que arreglemos os problemas dunha vez por todas. Nada máis.

**Sr. Alcalde:** Gracias Juan. Señor Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Sin problema ningún. Eu si que, si que vou a ser breve, porque a miña impresión, a impresión que estou sacando deste debate seguramente pode ser compartida por algún dos veciños e é que esta situación é complexa, é difícil, é engorrosa etc, etc. E polo tanto aparentemente parece que non van a ter solución máis ou menos breve. E a miña opinión non é esa. A miña opinión é que é moito máis sinxelo, menos relevante, obviamente, o digo porque como o Alcalde lle gusta, pois o volto... dentro da máis estricta legalidade, sen problema ningún eu creo que podemos afrontar as solucións a este problema. Podemos afrontala e discutila abertamente, nós os que estamos eiquí temos a obriga de facelo, cunha representación, cunha representación dos veciños para ver que saídas temos. Eu creo que debéramos centrarnos e reflexionar profundamente, e centrarnos no escrito, no mandato. Entre nós podémonos votar cada un o que queiramos as cousas, e eu creo que ten a culpa fundamental o grupo de goberno. Pero o grupo de goberno vai a dicir que non é certo, que a culpa a ten outro etc, etc. E ese non, ese camiño non nos conduce a nada. Eu creo que a moción, ou escrito-moción, ou moción-escrito, ou o que sexa ao final da as pautas do que temos que facer. Eu creo que está feito con tino, e está ben feita. É dicir, temos que intentar poñernos de acordo no que é posible, para saber que é o que cumpre ou non Mahía, e que formas de solución hai ao que non cumpre. E é bo creo eu, que fagamos caso e votemos a favor da moción, no sentido en que estén presentes nos debates, ben do grupo de goberno, ou ben do conxunto, non ten porque ser tampouco de todos, unha parte dos veciños. Porque iso, iso lle vai a dar moderación, sosego e reflexión. E despois saberán os veciños quen aportou en positivo, e quen non aportou, ou aportou en negativo. É dicir, o fundamental son os acordos, que eiquí plasman, eu creo que están perfectamente recollidos. Podemos seguir a discutir o que queiramos. Seguramente este debate, agora intervén o outro, despois o outro, e se vaia polos cerros de Úbeda. Pero o importante é o que votemos e cumpramos o que votemos porque e... vamos, estou casi seguro de que se vai a aprobar a moción, pero despois é a axilidade, a comprensión a estos problemas e que lles de certa rapidez dentro do que é posible en urbanismo, para que os veciños, que son os afectados, como eles moi ben din, teñan solucionado a maioría senón todos os problemas que eiquí plasman. O resto está moi ben, pero iso o facemos casi todos os días nós. Polo tanto, rogo que nos centremos, unha vez dita unha cousa e a outra, nos centremos en que aprobemos os acordos e os cumpramos. Nada máis.

**INCIDENCIA:** Faise constar que durante a intervención do sr. Fariña Doval, ausentouse ás 21:42 horas, a Concelleira Dna. Ángeles Díaz Prados, reincorporándose ás 21:44 horas.

**Sr. Alcalde:** Gracias Fariña. Juan Domingo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido dí): Bueno e... eu en primeiro lugar chegados a este punto se fixo unha primeira valoración inicial, Pilar concretou cada unha, cronoloxicamente cada unha das actuacións que se foron levando a cabo, e as cuestións que normalmente son as problemáticas no Plan Parcial. O compañeiro do PSOE tamén afondou certas cuestións de valoración respecto a unha capacidade de chegar a un entendemento en cuestións que cremos que son doadamente solucionables. Fariña tamén fixo referencia a esas cuestións, e eu o que quero despois de casi tres horas de estar eiquí dándolles o coñazo aos

veciños, que veu algún desesperanzado polo que parece, e polo que poda parecer, eu quero e... que se comece a facer concreción do que se vai a facer a partir de hoxe. E eu sinceramente, o digo porque quixera seguir no plantexamento que trouxeron eiquí hoxe os veciños, que é a de buscar o acordo entre todos os grupos representados eiquí, para buscar solucións viables e axustadas á legalidade urbanística, para a cal como vostede saberá é a de poder contar con documentación que lle solicitamos xa, en cuestión... información relativa a licenzas dos CT instalados por Fenosa na urbanización de Mahía, o informe do secretario, ou un informe novo do secretario sobre os usos permitidos pola ordenanza do Plan Parcial, é dicir, os usos permitidos para a pista polideportiva, e un informe técnico sobre os incumprimentos que Mahía realizou no Plan Parcial e no modificado da urbanización. Esa é a... baixo o meu punto de vista, unha información moi relevante para poder comezar a abordar solucións reais. Por outra banda, por outra banda, documentación que xa solicitamos. Por outra banda tamén eu creo que de eiquí os veciños non poden ser, non poden sair coa sensación de que se falou moito pero se concretou pouco. E eu dende eiquí quixera que vostede, Alcalde, manifestara o seu compromiso, a parte do que hai eiquí, o seu compromiso para varias cuestións. En primeiro lugar para diante dos veciños comprometerse a que os grupos que estamos eiquí, que tentamos de axudar na medida do posible, teñamos acceso á documentación que lle requerimos. E eu quero escoitar da súa boca, que vostede nos vai a dar acceso a esa documentación. Tamén quero dicir, que mal imos cando vimos a sair en prensa que a oposición busca oscuros entendementos con ninguén. Eu creo que quedou bastante claro que eiquí o que se busca, é que os veciños teñen un grave problema podan sacar en diante con solucións reais, e con menos palabras. E polo tanto e... nós non ocultamos nada, pero o certo é que, solicitamos o 29 de marzo un, un informe do secretario sobre a viabilidade de recepción parcial da urbanización, datado o 12 de abril, que vostede o tivo secuestrado casi un mes, un mes. Polo tanto non entendemos cal é esa colaboración en aras de dar aportacións e solucións aos veciños. Vostede que cré, ¿que imos a manipular a información?. Os veciños son suficientemente listos para saber ler e escribir con estas cuestións. Polo tanto, eu quixera oírle a vostede eiquí, que plantexa solucións aos veciños, e compromisos firmes, e non divagar sobre si a oposición é torcida, busca extranos ocults. Eu quixera que o compromiso, non o faga vostede só con nós, senón con eles que están eiquí, e que lles diga en primeiro lugar si está vostede disposto a que regularmente asistan á comisión de urbanismo, con representación de parte local, e que se dé polo menos avances sobre ese estudo nas que hai irregularidades por parte de Mahía, e as posibles solucións que se podan aportar dende o Concello. Eu creo que sería un compromiso bastante interesante. Eu creo que tamén, igual que poñen eles eiquí, que esa comunicación fluída se poida canalizar a partir dese tema. E logo lóxicamente e... que esa documentación que se vai a facilitar aos grupos, perdón, aos grupos e aos veciños, pois se explique e se abra unha mesa que eu creo que todo o mundo está pola labor de colaborar. Nós estamos dispostos a colaborar, xa o plantexamos en diferentes ocasións, pero claro, temos que ter, nós non somos técnicos, temos que ter documentación que vostede ten e que creo que está no noso dereito, é noso dereito o poder coñecela. ¿Para qué?. Para aportar esas solucións que vostede demandara de nós, igual que nós demandamos de vostede. E polo tanto, eu si hoxe saímos de eiquí todos co compromiso que vostede lle vai a facer a eles non a min, de, esa colaboración nesas comisións de urbanismo de xeito regular para avanzar sobre esas cuestións. E á vez de informar tecnicamente das dúbidas que lles poda suscitar, en aras de poder chegar a unha conclusión co promotor para poder recepcionar parcialmente,

condicionado lóxicamente á legalidade que ten que cumprir o promotor, que hai que facela esixir, por suposto. Pero eu creo que é bastante suficiente con, con sacar ese compromiso de eiquí. Eu lle pido que faga ese esforzo, e que se comprometa eiquí a esa cuestión de ir conxuntamente a poñer todo o que esté na súa mán para colaborar con este tema, e ese é o único compromiso que eu creo que queren os veciños. É que haxa transparencia nesa cuestión, non teñen porque dubidar de vostede, pero esas cuestións eu creo que teñen que estar riba da mesa dun xeito constante, e non que a oposición teña que estar a lembrarlle a vostede cuestións que eu creo que sabe de sobras. E polo tanto ese é o compromiso que eu quixera que se fixera hoxe eiquí, diante deles, e que se comprometa vostede a dar solucións a curto prazo, ou ao menos a que participen das decisións que teñen que tomarse dende este Concello. Nada máis.

**Sr. Alcalde:** Gracias.

**Sr. Bouza Rey:** Sinceramente eu, eu crin que ía a ir o punto este por outro, por outro, por outra liña de actuación. A tedes clara. A tedes clara. Un momento, mirade, mirade, mirade. Si todas as culpas, si todas as culpas, si todas as culpas, si todas as culpas foran do Alcalde e deste equipo de goberno estaba solucionado mañan. Pero mirade que vontade ten Mahía de solucionar as cousas que levades ca, ca herba dous meses e medio. E ninguén dí nada.

**Sr. Alcalde:** Haber, haber. Haber, eu quero.... Haber un momento, quen... ata... haber. Por favor, por favor. Haber, haber, eu creo que aos veciños non hai que reñirilles, nin tampouco decirlles... hai que dicirlles a verdade, a verdade, ¿eh?. A verdade. A verdade que ten a oposición, que cré que a ten, e a verdade que ten o equipo de goberno, que tamén cré que a ten. E iso é o que hai que dicirlles aos veciños e veciñas que están aquí presentes. Porque os veciños e veciñas que están aquí presentes teñen un problema, e teñen unha preocupación, e queren solucionalo, con todo o dereito do mundo. Por iso hai que dirixirse a eles, con respecto, con educación e sen reñirilles ¿eh?. Entón...

**Sr. Alcalde:** Non, non podes agora. Imos a ver, eu vou a intentar acabar en boas formas todo e imos a...

**Sr. Bouza Rey:** Pero si... Imos a ver Juan, imos a ver.

**Sr. Alcalde:** Tranquilo, tranquilo.

**INCIDENCIA:** Faise constar que interven parte do público e o presidente da Asociación de veciños O Baño.

**Sr. Alcalde:** Exactamente. Ben, ben, eu como era natural, tamén preparei a miña intervención porque é un tema e... bastante importante e polo tanto a preparei. E... de todas

formas eu si vou a facer mención un pouco ao pasado. Porque é bo recordar o pasado, para que non se volte a repetir os erros que se cometeron. Creo que é bon, e hai que facer esa reflexión. Entón, antes de opinar sobre o sentido e sobre o contido do escrito, presentada nesta sesión plenaria polo Alcalde, a petición dos propietarios e propietarias da Urbanización do Pazo das Condesas, e que ven asinada por D. Carlos Fernández Coba, na súa representación como presidente da Asociación de Veciños do Baño, quero deixar meridianamente claro unha cousa. A miña adicación como Alcalde de Mugar dos, estivo sempre, e sigue estando baseada no respecto, a todos os veciños e veciñas deste concello, así como na defensa dos intereses xerais dos mesmos. Emporiso, sempre, repito, sempre me poño no lugar do que ven a falar conmigo con, que me trae un problema. E me poño no seu lugar porque así síntome máis reforzado para comprendela con máis obxectividade, e nese sentido quero dicir que non fago excepcións, sexan do PP, sexan do PSOE, sexan da corrente política que sexan. E teño que dicir tamén, que a este respecto, as testemuñas que acotío, de moita xente que falo con ela, as valora positivamente. Lamentablemente teño que dicir que ata o inicio desta semana, ningún propietario ou propietaria acercouse ata a Alcaldía para informarse da situación do expediente que polo que se ve e se lé na prensa ultimamente, desperta moito interese. O goberno municipal co seu Alcalde á cabeza, partindo da máxima que os problemas públicos de calquer veciño ou veciña deben ser entendidos e atendidos como problemas da administración municipal, entende e comprende a preocupación dos propietarios e das propietarias da Urbanización do Pazo das Condesas, sobre todo no que se refire ás licenzas de primeira ocupación. Polo que se refire aos servizos, o trato debe ser igual para todos, partindo sempre das posibilidades que teña o Concello. Na moción, ou no escrito presentado neste Pleno por D. Carlos Fernández Coba, dentro da parte argumental pode lerse, cito textualmente, “Se permiteu a realización de instalacións ás que agora se poñen trabas”. A este respecto teño que dicir, con moita humildade, que non foi este Alcalde, nin tampouco ningún membro do equipo de goberno quenes autorizaron, ou quenes permitiron a realización desas instalacións, nin tampouco é agora cando se poñen trabas ás mesmas para legalizar a urbanización. Imos ver, e aquí creo que vamos a coincidir bastante... o proxecto de urbanización foi aprobado no ano 2001, dous anos despois, concretamente en xullo de 2003, o que vos está falando faise cargo da Alcaldía de Mugar dos. E unha das primeiras decisións que toma como Alcalde e iniciar o expediente de recepción da Urbanización do Pazo das Condesas. O 11 de agosto de 2003, ou sexa 40 días despois, remarco, 40 días despois de haber tomado posesión como Alcalde, ordeno ao arquitecto asesor Julio Barallobre Sanmartín, e á técnico municipal Dona Carmen Piñeiro Lemos, que emitan informe do estado de execución do proxecto de urbanización, desprendéndose deste informe unha serie de deficiencias que foron postas en coñecemento da promotora para que estas foran subsanadas. En decembro de 2004, pasado un tempo máis que suficiente para que a promotora fixera as correccións das defi... das deficiencias detectadas no informe de agosto do 2003, ordeo de novo ao arquitecto asesor en urbanismo Don Julio Barallobre Sanmartín para que volva a emitir informe sobre a posibilidade de recepción total ou parcialmente a urbanización. No devandito informe se entra... ou sexa, sen entrar a valorar a execución ou non das deficiencias, emitidas no informe de agosto 2003, despréndese a posibilidade de recepción parcialmente dous tramos, dous tramos do vial un e tres. E se informa desfavorablemente o dous e o catro. Volveuse a facer unha nova... non perdón... por non axustarse ao proxecto de urbanización, o que se pon de novo en coñecemento da promotora para que corrixa as deficiencias. No ano 2005 volveuse a

facen unha nova inspección e... me perdo... da urbanización, na que se constata que a promotora non fixo as correccións necesarias para que as obras do proxecto de urbanización poidan ser recibidas. A partir desta data, houbo varios encontros co arquitecto director da urbanización Francisco Javier Amenedo Ansedo, no obxectivo de encontrar novos emprazamentos para dar cumprimento ao proxecto de urbanización. Teño que dicir que sempre tivemos moi boas palabras, pero solucións por parte da promotora, ningunha. Falase tamén na moción ou no escrito, de que nos poñamos de acordo nas diferencias co promotor. O goberno municipal non ten ningunha diferenza, nin tampouco ten que negociar nada co promotor, para recepcionar digo, total ou parcial... ou parcialmente as obras de urbanización. Cando houbo que negociar xa o fixeron outros. O goberno municipal quere recibir as obras de urbanización, e proba delo son os informes que constan no expediente, tanto negativos como prefavorables a unha posible recepción parcial. Estes mesmos informes que constan no expediente, son a proba evidente de que o goberno deste concello, estivo constatemente propoñéndolle á promotora que fixera correctamente o seu traballo. Indicándolle en todo momento os erros que tiña que corrixir, para dar cumprimento á licenza concedida. Non quero dicir que estes erros foron feitos a mala fe. Se dí tamén na moción, textualmente, “Somos conscientes de que existen problemas derivados de incumprimentos por parte da promotora”, De verdade, eu entendo a vosa preocupación e a vosa ansiedade por normalizar o máis axiña a situación, de cada unha, e de cada un de vós. Pero de verdade, tamén non entendo que se poida dicir que as persoas son conscientes de que existen incumprimentos por parte da promotora, e que por outra banda nos esquezamos da conciencia á hora de analizar a gravidade dos incumprimentos da promotora con respecto á licenza concedida. Creo que coa conciencia hai que estar a ben en todo momento e en todo lugar. O goberno deste concello non está facendo ningunha irregularidade con este expediente, estamos preocupados, sí, por todos e por todas vós. Pero con respecto á legalidade, temos a conciencia tranquila. Si este goberno estivese facendo algunha ilegalidade con este expediente, poderedes estar seguros e seguras, que máis dun grupo dos que están aquí presentes, non tardaría nin o tempo que dura un telediario para irme a entregar ao fiscal, como así xa o fixeron, para destrozarmos a miña vida política e a miña vida persoal. Acaso, nos olvidamos do caso Virgin, eu non me olvido do caso Virgin, nin tampouco de quen os promoveron, que por certo, mirade por donde, dous deles eran os responsables ata xullo de 2003 das deficiencias detectadas e reflexadas no informe do 11 de agosto do 2003, realizado a petición deste Alcalde. Non é verdade que o goberno municipal oculte información deste expediente, nin á oposición, nin a ninguén que o solicite. Toda a documentación, convenio, Plan Parcial, proxecto de compensación e proxecto de urbanización do Pazo das Condesas foron aprobados no seu día en sesión plenaria deste Concello. E polo tanto, todos eles son documentos públicos, de libre acceso para os concelleiros e concelleiras e para aquel... calquer veciño ou veciña que o solicite. Por iso non é verdade que se oculte a información. Quere dicir, que a día de hoxe non existen neste concello, nin por parte das técnicas de urbanismo, nin por parte do secretario, ningún informe que sexa favorable á recepción total ou parcial das obras de urbanización do Pazo das Condesas. Sin embargo, si hai informes recentes das técnicas de urbanismo, dos que sodes coñecedores, tanto a oposición como a promotora e os propietarios ao día de hoxe, que explicitan claramente e... cales son as causas ás que a promotora, e non o concello, ten que buscarlles solución, para poder recepcionar as obras. Pareceme ben que os propietarios propietarios das vivendas da urbanización Pazo das Condesas, se xun... se xunten e loiten

polos seus dereitos. E esixan á promotora que solucione dunha vez por todas as deficiencias da urbanización, para que poida ser recibida polo Concello. E digo, nesa loita podedes estar seguras e seguros que o goberno municipal estará codo con codo con vosoutros, xa que logo o goberno municipal está sempre disposto a loitar polos dereitos de veciños e veciñas de Mugar dos. Xa que logo, tamén quero aclarar, non podemos esquecer que os lugares públicos da zona de urbanización do Pazo das Condesas, son de todos os mugar doses e mugar desas. E xustamente por esa razón, faremos cumprir a licenza do proxecto de urbanización aprobada por este Concello. Para ir concluíndo, creo que é necesario que neste Pleno se sepa, que a urbanización do Pazo das Condesas é unha obra viva, é dicir, é unha obra que non está rematada. O digo, porque ás veces se escoitan voces, de que si a promotora non corrixe as deficiencias, o Concello podería facelo executando os avales. A maiores de ser isto un proceso complexo enleado, para poder executar os avales, as obras se teñen que dar como rematadas pola promotora. Concluíndo xa, o goberno municipal quere recibir as obras da urbanización, e a promotora o sabe. O goberno municipal está a defender os intereses xerais dos veciños e veciñas de Mugar dos, e tamén os do... os que, incluídos están os do... os do Pazo das Condesas. E por último, o goberno municipal, pon a disposición de calquer propietario, ou propi, ou propietaria toda a información que lle soliciten. Isto é o que hai. Si queredes seguir, estamos aquí ata mañán ¿eh?. Home xa, xa faláchedes. Pois... replica si queres.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Poido ¿non?

**Sr. Alcalde:** Si, si.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Bueno, bueno. Haber si son capaz de seguir sosegado e tranquilo.

**Sr. Alcalde:** Non, eu estou tranquilo tamén.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Eu creo que Barcia, mintes.

**Sr. Alcalde:** Non, non.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Non me contestes por favor. Eu creo que mintes. Eres ou pretendes ser habilidoso, e comezas a túa conversación dicindo que é importante quen, ou non quen presentou o escrito. É aí as formas é o importante. É o importante, e a cinta está. Despois nos soltas un discurso ético, algo, algo moi coa túa liña, e que é un problema, que hai un problema serio de comunicación, entre os veciños e o Alcalde.

**Sr. Alcalde:** Non. Non. Non.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): O dixeches. Que non foi, que non foron nunca....

**Sr. Alcalde:** Que non foi nunca...

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Haber, non me interrompas por favor, deixame triunfar.. que non foron a falar contigo. Bueno, comunícoche, seguramente o van a dicir os meus compañeiros que tampouco viñeron a falar coa oposición, polo menos que eu respete. Foi a oposición ante os problemas que había a que os chamou. Primeira cuestión clara, para tí.

**Sr. Alcalde** (que traducido dí): Eu non mencionei para nada as reunións que tivo a oposición....

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Non, eu che aclaro que... estabas preocupado, escoitame, estabas preocupado porque eles non foron a ti. Nós fomos os que fomos a xunto deles.

**Sr. Alcalde:** Non, lamen, lamento...

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Non, espera un momentíño, lamentas, pois lamentas, preocupación, lamento. Non dixen que chorases home, pero é igual. E é que esa mesma relatina, dixoma, fixoma Bouza o outro día na comisión. Pero bueno, iste non é o problema. Eu quero saber, porque me gustan as cousas moi claras Alcalde.

**Sr. Alcalde:** A min tamén ¿eh?.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Ademais de todos... e do retraso nalgunhas delas, bueno, de todos os informes, hai ou non hai un informe despois de que ti tomaches posesión da arquitecta asesora, creo que daquel entonces, Julia, e como consecuencia daquela, houbo ou non houbo no Concello de Mugardos reunión entre os técnicos, do Concello obviamente, e o técnico asesor no seu día do complexo da urbanización de Mahia.

**Sr. Alcalde:** Houbo moitas reunións.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Porque, porque non se nos entrega. Ou foi unha petición persoal túa. Co cal sería moi grave. Pero é que ademais iso, ti o dixeches no Pleno, si eu saco os informes que teño, referíndote a este informe, e foi consecuencia digocho con moita claridade, foi como consecuencia de que si os garaxes computaban como edificable, si ou non. Foi a primeira medida que ti tomaches. A primeira. Polo tanto, hai que contar toda a verdade.

**Sr. Alcalde:** Imos a ver Fariña, estamos falando do proxecto de urbanización, que non ten nada que ver, non ten nada que ver cos garaxes nin coas vivendas.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Estou no meu dereito... deixame rematar.

**Sr. Alcalde:** Pero non terxiverses home.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Deixame rematar. Deixame rematar.

**Sr. Alcalde:** Estás mezclando churras con merinas. Que non ven ao caso.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): É certo, e non o entregaches. Pero bueno, sigo. E fas, o que ultimamente soes facer con frecuencia, cando, cando te ves apretado Barcia. E é que... o caso do Virgin e todas as consecuencias que tivemos. E eu manifestoche antes, agora e despois, eu non quixen, nin quero que vaias preso, nin ti nin calquera. Non é o meu cometido, e ti o sabes perfectamente. O meu cometido é advertir, ou avisar ao grupo de goberno do que eu creo, seguramente trabucado, que son unha irregularidade. Eso foi o que fixen coa rúa Real, coa rúa María, mellor dito. Coa rúa María. Nada, en principio que ver co caso Virgin. Foi outra consecuencia. Como consecuencia de aquilo, digoche, e hai xente presente eiquí, pero... non che digo, que xa estaba sendo, segundo o propio fiscal, e isto está grabado, xa estaba sendo vixiado o Concello de Mugardos. Non foi, polo menos a miña intención, a dos demais que cada un achante co seu. Polo tanto, non quitemos as cousas do seu, do seu contexto. Cando dís, seguiremos a loitar polas reivindicacións dos veciños, eu creo que é o que é bo. O que é bo, é a cordura e si, si a acta do Pleno se rematara, e se rematara o debate con catro palabras túas saudando esta iniciativa, que é o xeito de facer conxunto as cousas, e veremos as dificultades, que as hai, do tema tal de Mahía, e tal. Sairíamos todos, os trece, os trece, perfectamente acordos co tema. Pero claro, é tal o rolo que estamos a pegar hoxe aos veciños, e nesto a falta de claridade que temos nas cousas, é a miña percepción, seguramente, e teño as gafas ¿eh?. Seguramente é o que vexo, é que os veciños están cansados e xustamente, despois das túas palabras, e quero trabucarme Barcia, e creme que quero trabucarme, poden sair de eiquí coa idea de que o teñen moi, moi difícil. Para... poden sair, digo que poden sair, poden sair, non digo, non digo que que sexa así, digo que poden sair esa percepción. E eu estou en contra diso. Por iso a miña intervención Barcia, a primeira, que non teño intereses máis aló dun ano, como político, é que os trece, de xeito non agresiva, e menos mal que fixeches unha cousa perfecta, que fai moito tempo que tiñas que tela feita, perfecta, chamarlle a atención ao teu voceiro. Perfecta, cremo sinceramente, porque non leva por ningún camiño. Bueno, pois que nos poñamos de acordo no que sexa posible. O que non é posible haberá que dicirlle a Mahía a narices tes que facelo. E se Mahía, nun momento determinado a pesar de que sexa complexo, dificultoso, e que senón eu non lle vexo outra saída. Se Mahía reventa, non está, non quere, terá que ser o único xeito, os avais. Non poden estar esperando os veciños trescentos anos para que remate. Ti o sabes perfectamente. E polo tanto, o meu consello, o meu consello de veciño, e ata de amigo, é, deixemos aparcadas as rencillas ao menos neste tema, e traballemos conxuntamente para darlle a solución canto antes mellor. E creo que nos favorecerá o noso clima, a presenza de algúns desta xente dentro de nós. Faranos meditar, meditar, nada máis. Si queredes ir por este camiño ben, senón pola confrontación estamos toda a noite eiquí.

**Sr. Alcalde:** Haber, eu estou de acordo... previamente de que efectivamente temos que traballar todos xuntos no tema este. Non hai dúbida ao respecto, dado que debido ao tempo transcurrido e a que Mahía non moveu ficha, pois haber se entre todos somos capaces de que mova ficha. Iso estou, estou completamente... iso estou completamente de acordo ¿eh?. Xa. O tema, o tema non é fácil, tamen o quero dicir, non é fácil. Non é fácil, porque hai cuestións que si adoptamos a decisión de, de enterralo, ou de, de movelo de sitio e todo iso, pois requiriría seguramente ao mellor un reformado do Plan Parcial, e un reformado do proxecto

de urbanización. E todo iso, efectivamente, é necesario a.... claro, claro.... pois é complicado ¿eh?. Haber, haber Fariña, ti sabes, ti sabes mellor que nadie aquí neste concello, en temas de urbanismo de que é complicado cambiar todas unhas cousas dun proxecto e que... non, non. Haber, a solución pasa por corrixir todos eses erros, pero logo seguramente imos a ter que facelo, un reformado, que ten que vir a Pleno, que ten que ir á comisión.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Co derradeiro informe dos técnicos, non sei o que pode aparecer despois, co derradeiro informe dos técnicos de fai poucos días, ou un mes, non sei exactamente, eu creo que ten solución case todo. Creo que ten case todo. É certo, e é bo que si eu estivese no teu papel, o estiven, eu si estivese no teu papel, querría un acordo previo de que a maioría, unha maioría moi cualificada do Concello, da corporación apoia a túa postura. Eu o querría.

**Sr. Alcalde:** E cos, e cos informes favorables.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Eu... iso sempre, iso sempre. Pero eu o querría. Si o querría, pero onde digo digo... en leis se pode dicir digo, Diego, ou outra cousa parecida. ¿Vale?. E iso ti o sabes perfectamente.

**Sr. Alcalde:** Bueno, en todo caso.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido dí): Si non somos capaces, así seguiremos....

**Sr. Alcalde:** En todo caso, por parte nosa, por parte do grupo de goberno, non hai ningún problema en colaborar con todos os veciños para conseguir dunha vez por todas o tema deso, ningún problema. Creo, ademais o digo con toda rotundidade, que todos xuntos si que podemos facer máis forza, e... en todo caso, si Mahía... Mahía imos a ver, Mahía quedou de entregar unha proposta de solucións. A día de hoxe aínda non a entregou. É certo tamén que as, as técnicas aínda non remataron tampouco co informe que teñen que facer, moito máis exhaustivo do que entregaron e tedes todos e todas, porque hai bastantes cousas que, que, que teñen que vir reflexadas para que Mahía as cumpra. Tamén teño que dicir que Mahía, na última reunión con, con boas palabras, dí que... no momento en que, que cheguemos digamos a encontrar a solución desexada, e se pode ser que non se reforme o proxecto ou tal, si se pode conseguir, creo que non, xa o dirá despois o secretario no seu informe. Si somos capaces de facer todo iso, sin facer o reformado, que levaría máis tempo, pois Mahía dixo que... ata onde cheguen as súas posibilidades, porque tamén está nunha situación fastidiada, que remataría ou que entregaría todo nas mellores condicións ao Concello. Me refiro ás áreas verdes cortadas, as aceras que están rotas poñelas ben ou tal, e a onde non chegue, pois claro unha vez que se reciba a urbanización, pois aplicaremos o, o tema dos avales ¿eh?. Pero haber, eu digo, imos a esperar eu que sei... unha semana, unha semana ou...

**INCIDENCIA:** Faise constar que interveñen novamente o sr. Presidente da Asociación de veciños O Baño, e o sr. Alcalde expón:

**Sr. Alcalde:** Carlos, haber. Carlos imos a ver. Xa, vale. Carlos, Carlos, perdoa, eu entendo...

**Sr. Alcalde:** Eu entendo, entendo a petición, pero quero que entendades unha cousa, imos a ver. Os servizos son iguais para todos, de Mugardos. E si dades unha volta polo Concello pois hai sitios tamén que... eu a verdade, tedes que ser tamén, digamos, conscientes do persoal que hai no Concello. Bueno, si, si se pode, si se pode, haber si o luns, haber si o luns podemos e, e mandamos alí. O que pasa que tamén eso é perigoso ¿eh?. Que... nós imos a poñer tamén toda a nosa vontade, para que todos xuntos, o repito, todos xuntos encontremos solución. E entón... entón, entón e... imos a someter os acordos do escrito ¿eh?. E deixamos rematado, damos un prazo de oito ou dez días e haber si temos algunha noticia ao respecto. Nese sentido, vos garantizo, que vos informaremos, ves por aquí Carlos, que che informo de todo o que, os acordos que... ben.

Rematado o debate sométese a votación o a moción relativa á “Urbanización Pazo das Condesas”, asumida como propia polo sr. Alcalde e os grupos políticos, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción, e, en consecuencia, adoptar os seguintes acordos:

- 1.- Amparar aos veciños ante o abandono de servizos e mantemento da urbanización e dunha vez por todas porse dacordo nas diferenzas co promotor para conseguir a entrega parcial ou total da obra.
- 2.- Facilitar copia de toda documentación das actuacións sobre a urbanización.
- 3.- Facilitar a participación dunha representación da sociedade “O Baño” en todas as negociacións coa promotora.
- 4.- Ter unha comunicación fluida cos veciños/as afectados.
- 5.- Por toda a influencia e capacidade para resolver a problemática que padecen os veciños/as da urbanizacións “Pazo das Condesas” sin que sufran máis agravios e inxustizas.

## **10.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sra. Gómez Díaz** (Presentou as seguintes preguntas por escrito, que traducidas e copiadas dín):

*1) Destino da transferencia de crédito correspondente á resolución da Alcaldía nº 326/2010, por un importe de 13.763 euros, baixa da partida 2010.0.342.0.62200 (Local Social) e alta na 2010.0.342.0.47900 (Programa Fomento Comercio Local).*

*2) Obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos que se pretenden realizar coa subvención solicitada á Xunta de Galicia reflectida na Resolución da Alcaldía 332/2010.*

*3) Adquisición de equipamentos deportivos que se teñen pensado realizar coa subvención solicitada á Xunta de Galicia correspondente á Resolución da Alcaldía nº333/2010.*

*O motivo de facer estas preguntas no Pleno e non na Comisión correspondente é que non se convocan comisións Ordinarias de Cultura e Deportes nin de Facenda.*

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as vintedúas horas e vintecinco minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe  
O ALCALDE,